




[Fecha]

PROXECTO EDUCATIVO

CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO.



ÍNDICE PEC

1. INTRODUCIÓN.
2. FUNDAMENTACIÓN LEGAL.
3. ASPECTOS XERAIS. ESTUDO E ANÁLISE DO CONTEXTO ESCOLAR. (ONDE ESTAMOS?)
 - 3.1. DATOS IDENTIFICATIVOS.
 - 3.2. ANÁLISE SOCIO-ECONÓMICO E CULTURAL DO CONTEXTO E DAS FAMILIAS.
 - 3.3. DESCRIPCIÓN DA CONTORNA.
4. SINAIS DE IDENTIDADE, VALORES, PRINCIPIOS E FINS. (QUEN SOMOS?)
 - 4.1. SINAIS DE IDENTIDADE.
 - 4.2. VALORES, PRINCIPIOS E FINS.
 - 4.3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.
 - 4.3.1. UNIDADES DO CENTRO E ALUMNADO.
 - 4.3.2. PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE.
 - 4.3.3. HORARIO.
 - 4.3.4. EQUIPAMENTO.
 - 4.3.5. USO DAS INSTALACIÓNS.
 - 4.3.6. CENTROS ADSCRITOS.
 - 4.3.7. LINGUA.
5. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO. (QUÉ PRETENDEMOS?)
 - 5.1. OBXECTIVOS XERAIS.
 - 5.1.1. OBXECTIVOS REFERIDOS AO CENTRO.
 - 5.1.2. OBXECTIVOS REFERIDOS AO ALUMNADO.
 - 5.1.3. OBXECTIVOS REFERIDOS AO PROFESORADO.
 - 5.1.4. OBXECTIVOS REFERIDOS ÁS FAMILIAS.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

5.1.5. OBXECTIVOS REFERIDOS AO EQUIPO DIRECTIVO.

5.2. CONCRECIÓN CURRICULAR.

5.2.1. EDUCACIÓN INFANTIL.

- PRINCIPIOS, FINS E OBXECTIVOS DA ETAPA.
- ÁMBITOS: OBXECTIVOS E CONTIDOS.
- PERÍODO DE ADAPTACIÓN.

5.2.2. EDUCACIÓN PRIMARIA.

- OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA.
- ÁREAS: DISTRIBUCIÓN HORARIA.
- COMPETENCIAS CLAVE.

5.3. ASPECTOS XERAIS DAS PROGRAMACIÓNS.

5.4. ORGANIZACIÓN DE ESPAZO E TEMPO ESCOLAR.

5.4.1. CRITERIOS PARA A PLANIFICACIÓN DOS ESPAZOS EN EI E EN EP.

5.4.2. CRITERIOS PARA A PLANIFICACIÓN DOS TEMPOS EN EI E EN EP.

- DISTRIBUCIÓN HORARIA.
- HORARIO DE APERTURA E CERRE DO CENTRO.
- ATENCIÓN TEMPERÁ.
- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

5.5. METODOLOXÍA.

5.6. CRITERIOS PARA O AGRUPAMENTO DO ALUMNADO.

5.7. PLAN DE AVALIACIÓN. CRITERIOS XERAIS DO CENTRO SOBRA A AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN DO ALUMNADO.

5.7.1. AVALIACIÓN EN EI

5.7.2. AVALIACIÓN EN EP.

5.7.3. INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

5.7.4. CRITERIOS DE PROMOCIÓN.

- CRITERIOS DE PROMOCIÓN EN EI.
- CRITERIOS DE PROMOCIÓN EN EP.
- CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO CON NEE.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- CRITERIOS DE PROMOCIÓN POR CURSO.

5.7.5. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA.

5.8. PLANS, PROGRAMAS E PROXECTOS.

- 5.8.1. PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL.
- 5.8.2. MEMORIA ANUAL.
- 5.8.3. PROXECTO LINGÜÍSTICO E DE FOMENTO DA LINGUA GALEGA.
- 5.8.4. PLAN LECTOR E PLAN DE BIBLIOTECA.
- 5.8.5. PLAN DE IGUALDADE.
- 5.8.6. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.
- 5.8.7. PLAN DE ORIENTACIÓN.
- 5.8.8. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.
- 5.8.9. PLAN DE ACOLLIDA.
- 5.8.10. PLAN DE ADAPTACIÓN.
- 5.8.11. PROXECTO DE EDUCACIÓN DIXITAL.
- 5.8.12. PROXECTO PLURILINGÜISMO.
- 5.8.13. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.
- 5.8.14. PLAN DE CONVIVENCIA.
- 5.8.15. NOFC.
- 5.8.16. PLAN DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR.
- 5.8.17. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.
- 5.8.18. PROXECTO DE XESTIÓN ECONÓMICA.
- 5.8.19. PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES.

6. ESTRUTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO (CÓMO NOS ORGANIZAMOS?)

6.1. ÓRGANOS DE GOBERNO.

6.1.1. ÓRGANOS UNIPERSOAIS: EQUIPO DIRECTIVO.

- DIRECCIÓN.
- XEFATURA DE ESTUDOS.
- SECRETARÍA.

6.1.2. ÓRGANOS COLEXIADOS

- CONSELLO ESCOLAR

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO.
CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- CLAUSTRO.

6.1.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.

- EQUIPOS DE CICLO DE EI.
- EQUIPOS DE NIVEL DE EP.
- TITORÍAS
- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.
- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.
- EQUIPO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.
- EQUIPO DE BIBLIOTECA.
- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE TICS.
- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.
- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA CONVIVENCIA.

6.2. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS.

6.3. AMPA.

7. AVALIACIÓN, DIFUSIÓN E COÑECEMENTO DO PEC.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

1. INTRODUCCIÓN.

O presente Proxecto Educativo de Centro, considerado como un documento necesario de xestión organizativa e pedagóxica do propio centro, ten un carácter dinámico, operativo, flexible, claro e realista.

Despois de analizar as necesidades educativas do alumnado, e as características do entorno, trata de reflectir a tarefa educativa do noso centro.

As notas de identidade, os obxectivos que pretende alcanzar e os procedementos de actuación están enfocados á consecución duns valores, unhas actitudes, unha formación, unha organización..., que sendo xerais dentro do marco educativo teñen a súa propia identidade no noso centro.

Os nosos obxectivos só se poderán conseguir a través do esforzo persoal do profesorado e do alumnado, coa colaboración das familias e seguindo a normativa de obrigado cumprimento.

O Proxecto Educativo (PE) está aberto a todas as avaliaciós e revisiós periódicas que o centro acorde. Xorde como unha responsabilidade ante o complexo fenómeno educativo e coas seguintes finalidades:

- Unificar criterios a favor dunha maior coherencia.
- Evitar a improvisación e favorecer unha xestión más eficaz do centro.
- Establecer unha liña metodolóxica.
- Clarificar os obxectivos que o centro propón e os medios para conseguilos.
- Propor estratexias para un maior rendemento.
- Reflectir as inquietudes da comunidade.
- Coordinar a participación e a implicación de todos os membros da comunidade educativa.
- Distribuir de forma racional os espazos e os tempos.
- Xerar motivacións e evitar a rutina.
- Comprometerse activamente nos logros educativos.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

Ademais de marcar a personalidade do centro, este documento servirá de base para a elaboración das diferentes programacións e plans que, entre outras, se relacionan a continuación.



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

2. FUNDAMENTACIÓN LEGAL.

O marco legal no que temos que apoiar o presente Proxecto Educativo son as seguintes leis:

Rango Estatal:

- Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.
- Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa.
- Real Decreto 126/2014, de 28 de febrero, por el que se establece el currículo básico de la Educación Primaria.
- Real Decreto 163/2006, de 29 de diciembre, por el que se establecen las enseñanzas mínimas del 2º ciclo de Educación Infantil.
- Orden ECD/65/2015, de 21 de Enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de Educación Primaria, Educación Secundaria y Bachillerato.
- Ley 4/2011, de 30 de junio, de convivencia y participación de la comunidad educativa.

Rango Autonómico:

- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do 2º ciclo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria. Corrección de erros (DOG 06/11/96, 08/01/97 e 26/02/97).
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil, dos colexios de Educación Primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde de 16 de marzo de 2001, pola que se regula o procedemento para a admisión de alumnos en educación infantil, primaria e secundaria obligatoria en centros sostidos con fondos públicos.
- Orde 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do 2º ciclo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 120/1998 pola que se regula a orientación educativa e profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. ASPECTOS XERAIS. ESTUDO E ANÁLISE DO CONTEXTO ESCOLAR. (ONDE ESTAMOS?)

3.1. DATOS IDENTIFICATIVOS.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

O CEIP Plurilingüe de Seixalbo é un centro de titularidade pública que acolle alumnado escolarizado nas seguintes etapas educativas: Educación Infantil (4ºEI – 5ºEI – 6ºEI) e Educación Primaria (1ºEP – 2º EP – 3ºEP – 4ºEP – 5ºEP – 6ºEP), sendo esta última etapa de carácter obligatorio.

Conta con servizo de comedor de xestión propia e transporte escolar.

3.2. ANÁLISE SOCIO-ECONÓMICO E CULTURAL DO CONTEXTO E DAS FAMILIAS.

En liñas xerais, o nivel sociocultural é medio ou medio-baixo xa que a procedencia de moitos deles é de pobos pouco habitados da periferia de Ourense. (Taboadela, Paderne de Allariz, San Cibrao das Viñas e Ourense). A maioría das familias teñen estudos primarios ou secundarios, sendo unha minoría os que posúen titulación superior. A poboación socialmente é bastante homoxénea, pertencente ao medio rural próximo ao Centro.

As familias caracterízanse por ter un perfil moi diverso: ao tipo tradicional úñese cada día máis familias con pais separados onde un deles ostenta a custodia do fillo/a, cos que conviven tamén os avós.

En canto ás profesións predominan as de ámbito manual e asalariado, abonda menos o funcionariado e só unha pequena cantidade son profesións liberais. É de subliñar a porcentaxe de nais que traballan nas labores de casa ou en traballos esporádicos.

Pódese afirmar que nas familias a lingua habitual é o galego, e nunha porcentaxe un pouco más baixa o castelán.

No que atinxe á lingua vehicular usada no centro polos/as alumnos/as é maioritariamente o castelán. Emprégase o galego nas materias de lingua galega, música, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Relixión e Valores Sociais e Cívicos. A nivel de profesorado emprégase o galego nas notas oficiais e internas do colexio.

3.3. DESCRIPCIÓN DA CONTORNA.

O CEIP Plurilingüe Seixalbo está ubicado en Seixalbo, Ourense (Lugar de Seixalbo, 98). Está situado nas aforas da cidade de Ourense a unha distancia de 3,5 km da mesma pola antiga carretera de Madrid e ao lado do pobo que lle da o nome: Seixalbo. Situado nun enclave natural, atópase arrodeado de vexetación, ademáis dunha vivenda, un campo de

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

fútbol e un parque público. Todo esto contribúe de xeito significativo á paz e tranquilidade da que disfrutan o noso alumnado.

4. SINAIS DE IDENTIDADE, VALORES, PRINCIPIOS E FINS. (QUEN SOMOS?)

4.1. SINAIS DE IDENTIDADE.

O CEIP Plurilingüe de Seixalbo, dado o seu carácter público, réxese polo principio de neutralidade ideolóxica, de maneira que renuncia a todo tipo de adoutrinamento, sectarismo e proselitismo, ainda que se declare esencialmente respetuoso coas ideas que sexan compatibles coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

Así pois, este centro é aconfesional, repectando todas as relixións tanto de profesorado como de alumnado e a posición de tódalas persoas que traballen nese centro será de absoluto respecto ás crenzas de cada persoa.

Tentamos formar para a paz e rexeitamos a violencia, polo tanto é unha esixencia inexcusable o respecto pola dignidade e a integridade persoal dos membros da comunidade escolar.

O noso alumnado formarase para a xustiza, a liberdade, a responsabilidade e a solidariedade, así como pola educación entre iguais e a igualdade de oportunidades.

4.2. VALORES, PRINCIPIOS E FINS.

A finalidade do noso centro consiste en ofrecer a todo o alumnado un espazo de reflexión, análise e estudo acerca das características fundamentais e o funcionamento dun réxime democrático, dos principios e dereitos establecidos na Constitución Española e nos tratados e declaracóns universais.

Os fins que perseguimos son os seguintes:

- O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades do alumnado.
- A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación de persoas con discapacidade.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- A educación no exerce da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.
- A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
- A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos, o medio ambiente e o desenvolvemento sustentable.
- O desenvolvemento da capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural de España e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos... así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
- A preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacóns cambiantes da sociedade do coñecemento.

Para poder alcanzar estes fins, o noso centro se vai fixar os seguintes principios de actuación:

- Atención á diversidade, tendo como eixe vertebrador a inclusión do alumnado.
- A actividade física e o deporte.
- A alimentación saudable.
- O plurilingüismo, tendo como obxectivo o garantir a competencia plena e en igualdade nas dúas linguas oficiais e o de acadar a adquisición dun coñecemento efectivo na lingua estranxeira.
- As tecnoloxías da comunicación e da información.
- O medio ambiente.
- Desenvolvemento das competencias clave.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

O CEIP Plurilingüe de Seixalbo considera valores irrenunciables os nosos valores éticos e profesionais, que guiando en todo momento o noso labor, identifícanos como unha institución educativa seria e coherente, caracterizada por:

- respeto,
- compromiso,
- responsabilidade,
- confianza,
- solidariedade,
- trato familiar e cordial,
- traballo en equipo,
- dedicación e esforzo,
- espírito crítico,
- gusto polo traballo ben feito,
- innovación,
- ensino de idiomas,
- dominio das tecnoloxías da comunicación e información,
- acción titorial baseada no seguimento académico e atención personalizada do alumnado, comunicación permanente, profesional e detallada coas familias,
- alto compromiso do profesorado baseado na profesionalidade, experiencia, dinamismo e proximidade ao alumnado.

4.3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.

4.3.1. UNIDADES DO CENTRO E ALUMNADO.

No Ceip Plurilingüe de Seixalbo conviven as seguintes etapas educativas: Educación Infantil e Educación Primaria. Cada etapa está completa no que se refiere a niveis. Presentando algúns dos niveis dúas liñas.

- Educación Infantil: dúas unidades de 4ºEI e unha unidade de 5º e 6º EI.
- Educación Primaria: unha unidade nos cursos: 1º EP e 4º EP e dúas unidades nos cursos: 2º, 3º, 5º e 6º EP.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

No curso escolar 2020/2021 no CEIP Plurilingüe de Seixalbo están escolarizados 213 alumnos/as, dos cales, 59 corresponden a alumnado de Educación Infantil e os restantes 154 alumnos e alumnas en Educación Primaria.

Do alumnado é importante destacar a súa procedencia, que é case toda da área de influencia do centro (Concellos de Ourense, Taboadela, San Cibrao das Viñas e Paderne de Allariz).

A maioría do noso alumnado vive cos seus proxenitores.

O alumnado non é conflitivo e o seu rendemento académico é satisfactorio. As relacións entre o alumnado son boas tanto entre eles coma co profesorado. O alumnado, de forma xeral, responde ben a motivación académica participando nas actividades complementarias e extraescolares organizadas polo centro educativo.

4.3.2. **PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE.**

No Ceip Plurilingüe de Seixalbo desenvolven a súa labor docente, para este curso docente 2020-2021 un total de 26 mestres/as, dos que a maioría teñen destino definitivo no centro.

Actualmente o centro conta cos seguintes recursos humanos: 5 mestras especialistas en Educación Infantil (código 31), 2 mestres especialista en Inglés (código 32), 2 mestres especialistas en Educación Física (código 34), 1 mestra especialista en Música (código 35), 3 mestre especialista en Pedagoxía Terapéutica (código 36), unha delas con afín de audición e linguaxe (36), 1 mestra especialista en Audición e Linguaxe (código 37), 10 mestres especialistas en Educación Primaria (código 38), 1 mestra especialista de Relixión Católica (código 401) e 1 orientadora.

O persoal non docente está formado por un conserxe, tres membros do persoal de cociña e unha cuidadora. Así como por tres membros do servizo de limpeza, xestionado polo Concello.

4.3.3. **HORARIO.**

O horario do centro é de 9:30 horas da mañá ata as 15:45 horas. Sendo o horario lectivo ata as 14:30 e de esa hora ata as 15:45 o horario de comedor.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

As actividades extraescolares realizanse en horario de 15:45 a 17:45 e están organizadas pola ANPA do centro (ANPA do CEIP Plurilingüe de Seixalbo). Asimesmo hai atención de Biblioteca nese horario para favorecer a conciliación laboral e familiar. Co mesmo fin funciona no centro de 7:30 a 9:30 o Servizo de Madrugadores, xestionado pola ANPA.

4.3.4. EQUIPAMENTO.

O centro ten unha aceptable dotación material, ainda que sempre mellorable, xa que hai algunha dotación de material vello ou estropeado.

Todos os anos solicitamos á Consellería de Educación a reposición e dotación de aquel material que entendemos que é imprescindible para o desenvolvemento das tarefas de ensino e aprendizaxe.

A maior parte das aulas contan con pizarra dixital, ainda que en Educación Infantil sería necesario dotar dúas aulas con equipos informáticos e en Educación Primaria tamén quedarían outras dúas por equipar con pizarra dixital. Tamén pouco a pouco será necesario ir renovando ordenadores por irse quedando obsoletos. Pouco a pouco se irá pedindo a Consellería a súa renovación así como a dotación das aulas que non están completas.

4.3.5. USO DAS INSTALACIÓNNS.

O centro conta cun edificio dividido en dous andares (planta baixa e primeira planta).

Na planta baixa atópanse as aulas de EI, aula de Audicón e Linguaxe, aula de Música (con aula anexa), aula de psicomotricidade, comedor e salón de actos.

Na primeira planta atopanse todas as aulas de EP, dúas aulas de Pedagogía Terapéutica, a aula de Relixión, departamento de inglés e almacén.

Ademais o centro conta con outro edificio, de menor tamaño, dedicada á parte administrativa, onde se atopa a Sala de Profesorado, Departamento de Orientación, conserxaría, xefatura de estudios e secretaría, dirección, a aula de convivencia e a sala de material e fotocopiadora.

Atendendo ás zonas comúns, o centro conta cun polideportivo e dúas zonas de patio. Un gran patio con pistas de fútbol, canastas, zonas verdes para o alumnado de Ed. Primaria

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

e zona de E. Infantil. Por outra banda, un patio cuberto onde soe ir o alumnado os días de choiva., también dotado de porterías, canastas e zonas de xogo.

Dentro do recinto escolar tamén atopamos un edificio de planta baixa con dúas aulas, na actualidade sen uso docente, sendo empregado como local da ANPA (ANPA do Ceip Plurilingüe de Seixalbo) e a casiña do Conserxe, neste momento deshabitada e solicitada a súa concesión ao Concello de Ourense.

4.3.6. **CENTROS ADSCRITOS.**

Ao noso centro atópanse adscritas tres escolas de Educación Infantil: Ponte Noalla, Santa Cruz e Taboadela.

Sinalar, tamen, neste apartado, que o CEIP Plurilingüe de Seixalbo está adscrito ao IES Universidade Laboral de Ourense.

4.3.7. **LINGUA.**

Respectando a lexislación e normativa vixentes, recoñécese o dereito de cada membro da comunidade educativa a emplegar calquera das linguaas oficiais, pero, para contribuir á normalización lingüística do galego, empregarase esta lingua no plano administrativo e procurarase que sexa esta cada vez más a lingua ambiental.

A nivel didáctico e pedagóxico no ámbito escolar aplicarase o regulamento no Decreto 79/2010 segundo se especifica no Plan Lingüístico do centro. En todo caso, deberá garantirse, ao rematar a escolaridade, un correcto dominio oral e escrito en ámbalas dúas linguaas.

5. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO. (QUÉ PRETENDEMOS?)

5.1. **OBXECTIVOS XERAIS.**

Establecemos os obxectivos educativos en cinco niveis: a nivel de centro, referidos ao alumnado, en relación ao profesorado, en cuanto ás familias e referidos ao equipo directivo.

Todos os obxectivos propostos teñen un carácter flexible, de tal maneira que iremos priorizando uns ou outros, axustándooas ás necesidades do centro, modificando uns,

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

suprimindo outros e mesmo, incluíndo algúns, dependendo das autoavaliaciós realizadas ao final de cada curso escolar.

5.1.1. OBXECTIVOS REFERIDOS AO CENTRO.

Os obxectivos que propomos son os seguintes:

- Potenciar a participación de todos os membros da comunidade na xestión do centro. Cando se tomen decisións importantes, o órgano encargado de deliberar e decidir contará coa participación de pais e nais, profesorado e equipo directivo e cada un deles teñen que sentir que os seus puntos de vista son considerados e teñen importancia.
- A nosa meta prioritaria é satisfacer as expectativas das familias e consegui-lo desde o respecto a toda a comunidade educativa, sempre e cando coincida coa filosofía e lexislación do centro.
- Buscar un ambiente de convivencia positiva fomentando o diálogo e a crítica construtiva.
- Motivar ao noso alumnado para que adquiran aprendizaxes realmente construtivos.
- Establecer relacóns sistémicas de colaboración e coordinación cos demais centros da zona, organismos e asociación.

5.1.2. OBXECTIVOS REFERIDOS AO ALUMNADO.

- Crear nas aulas e nas actividades convxuntas un clima de respecto e confianza onde o alumnado se sinta totalmente seguro e respectado.
- Lograr que o centro sexa un lugar agradable no que o alumnado se sinta querido e necesario.
- Acadar que o alumnado respekte as normas do grupo.
- Fomentar a comunicación e o diálogo como medio para chegar a acordos dentro do grupo, aula e centro educativo, tanto a nivel escolar como de convivencia.
- Facilitar e potenciar a participación en tarefas que afecten ao grupo no que se desenvolven tanto no contexto de aula como naquel outro de convivencia cos demais membros da comunidade educativa.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- Mellorar a autoestima tanto individual como en grupo fomentando a confianza en si mesmo como persoa e tamén a confianza no grupo.
- Valorar e insistir na valoración da contorna, tratando de que coñezan e aprecien a súa realidade cultural, social e natural.
- Fomentar o respecto e valoración doutras realidades distintas á nosa, tanto lingüísticas como culturais, sociais e naturais.
- Coidar, respectar e manter en bo estado todo tipo de material escolar, fundamentalmente se é de todos/as. Isto mesmo coas instalacións e lugares do centro educativo.
- Inculcar hábitos relacionados coas normas básicas de educación e respecto a un mesmo e aos demais, tales como hábitos hixiénicos, alimenticios, de cortesía...
- Mellorar a competencia académica do alumnado do centro, fundamentalmente nas técnicas instrumentais e desenvolver actitudes que incidan no seu enriquecemento persoal e académico (deporte, hábitos de lectura, coidado e respecto pola natureza, curiosidade en torno ao que o rodea...)
- Desenvolver a capacidade de opinar ante o grupo con argumentos razoados e coerentes.
- Desenvolver un espírito crítico e a capacidade de análise que lles axude a manter actitudes positivas e rexeitar as negativas tendo en conta as posibles consecuencias.

5.1.3. OBXECTIVOS REFERIDOS AO PROFESORADO.

- Conseguir que todo o profesorado que forme parte do centro asuma as sinais de identidade e forme parte activamente de tódolos proxectos e actividades que se leven a cabo no centro.
- Manter un clima de traballo agradable no que todas as opinións sexan escoitadas e valoradas para chegar a acordos consensuados.
- Colaborar nos traballos comúns do centro, procurando que a distribución dos mesmos non leve a sobrecarga dun compañeiro sobre outro.
- Levar a cabo un labor coordinado que incida na mellora da calidade educativa e profesional.
- Estimular a autoformación no centro.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- Conseguir que todo o profesorado potencie unha ensinanza activa na que se desenvolva a iniciativa e a creatividade, a capacidade de observación, crítica e a adquisición de hábitos de traballo.
- Analizar e pór en común co equipo de profesionais correspondentes, as necesidades educativas de xeito que deamos entre todos unha resposta eficaz ás mesmas.
- Facilitar a integración no seo da comunidade educativa de todos os seus membros.
- Velar porque todo o alumnado estea integrado no seo do seu grupo natural, sen que haxa lugar a ningún tipo de discriminación en ningún lugar do centro.
- Planificar, programar, adaptar... de xeito que contribuamos á mellora da calidade educativa e promoción persoal e académica do noso alumnado.
- Transmitir códigos de conduta democrática.
- Desenvolver un plan de formación do profesorado que dinamice procesos de reflexión conxunta e mellora da práctica docente a través de seminarios ou grupos de traballo.
- Incentivar a formación en centro como medio de facilitar a calidade da formación orientada a dar resposta ás necesidades do noso alumnado.
- Promover a formación do profesorado nas novas tecnoloxías, así como no uso dos taboleiros dixitais.
- Propoñer actividades formativas referidas ao desenvolvemento da intelixencia emocional.

5.1.4. OBXECTIVOS REFERIDOS ÁS FAMILIAS.

- Transmitir confianza plena no centro.
- Informar continuamente de todos os procesos educativos e proxectos que se levan a cabo no centro.
- Intentar que á hora de tomar decisións importantes se sintan informados e con opción de participar.
- Conseguir que as familias sexan un membro máis da comunidade escolar.
- Potenciar a estreita colaboración coa ANPA e establecer liñas de actuación conxunta.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- Atender as propostas das familias a través do Consello Escolar e da ANPA fomentando o diálogo como medio ideal na resolución de dificultades.
- Manter contactos a través de reunións globais, titorías, atención individualizada e notas informativas.

5.1.5. OBXECTIVOS REFERIDOS AO EQUIPO DIRECTIVO.

- Tomar as decisións más equilibradas e xustas posibles para toda a comunidade educativa.
- Informar a todos os membros da comunidade educativa en relación á toma de decisións adoptadas.
- Buscar as canles necesarias para defender os puntos de vista do alumnado, familias e dos órganos de participación e representación.
- Servir de canle de comunicación e información entre a administración e o centro en ámbolos dous sentidos.
- Estar actualizado e en constante formación.

5.2. CONCRECIÓN CURRICULAR.

5.2.1. EDUCACIÓN INFANTIL.

• PRINCIPIOS, FINS E OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.

O modelo de currículo para a Educación Infantil exponnos un deseño curricular aberto, flexible e contextualizado ás distintas realidades. Tendo en conta a lexislación vixente para a etapa de Educación Infantil imos marcar os principios, fins e obxectivos xerais.

Como principios xerais da etapa de Educación Infantil establecense os seguintes:

- A Educación Infantil constitúe a etapa educativa con identidade propia que atende a nenos e nenas desde o nacemento ata os seis anos de idade.
- A Educación Infantil ten carácter voluntario e a súa finalidade é a de contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos nenos/as.
- Co obxecto de respectar a responsabilidade fundamental das nais/pais/titores legais, os centros de educación infantil cooperarán estreitamente con eles.

A planificación que desenvolvemos supón, esencialmente, unha reflexión sobre o qué se prentende, sobre cómo se fai e cómo se valora, unha reflexión que permita fundamentar

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

as decisións que se tomen e observar a súa coherencia e continuidade. É unha ferramenta que permite previr qué pasará na clase, unha ferramenta flexible que permite variacións, incorporacións ou deixarse de lado cando sexa necesario. Desta maneira refléxanse como fins da etapa de Educación Infantil:

- A finalidade da Educación Infantil é a de contribuir ao desenvolvimento físico, afectivo, social e intelectual dos nenos e nenas.
- Na Educación Infantil atenderase progresivamente ao desenvolvimento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do medio. Ademais facilitarase que nenos e nenas elaboren unha imaxe de si mesmos positiva e equilibrada e adquiran autonomía persoal.
- Potenciarase a transmisión daqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a xustiza, a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica, a non-violencia, así como o desenvolvimento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade entre homes e mulleres.

Como obxectivos xerais destacar que a Educación Infantil contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

• ÁMBITOS: OBXECTIVOS E CONTIDOS.

Os contidos educativos da Educación Infantil organizaranse en ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil e abordaranse por medio de actividades globalizadas que teñan interese e significado para os nenos e as nenas.

Os ámbitos de traballo serán:

- ✓ Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- ✓ Coñecemento do contorno.
- ✓ Linguaxes: comunicación e representación.

Estes ámbitos deben entenderse como ámbitos de actuación, como espazos de aprendizaxes de toda orde: de actitudes, procedementos e conceptos que contribúan ao desenvolvemento de nenos e nenas e propiciarán a súa aproximación á interpretación do mundo, outorgándolle significado e facilitando a súa participación activa nel.

• PERÍODO DE ADAPTACIÓN.

O período de adaptación é aquel tramo de tempo que adicamos a vivir cos nenos, no que teñen lugar todas as rupturas e cambios que estes sufren coa entrada no colextio; neste período os adultos que rodeamos aos nenos debemos comprenderlos no que sinten, axudándoos a buscar solucións positivas aos problemas que se lles plantexan.

O período de adaptación é un proceso, polo que, é algo que os nenos deben realizar por si mesmos. Neste camiño de adaptación á nova situación é necesario aceptar que non todos os nenos terán un mesmo ritmo.

A prudencia de realizar un plan sen presas, e tamén de prever terminacións alternativas, ten moita importancia, xa que este período marcará o comezo da vida na escola dos nenos.

Outro factor a destacar é que os nenos a esta idade aínda non teñen unha estrutura de secuencias temporais permanentemente adquiridas, polo que unha das angustias dos nenos é que non saben canto tempo transcurre desde que os seus pais os deixan no colextio ata que os veñen a recoller, debido a esto aconséllase que ao traer o neno/a ao colextio

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

nestes primeiros días se lle explique con claridade, que cando o neno saia do colexio os pais (ou persona encargada) van estar alí para recollelo.

Nestes primeiros días é cando o neno forxa a súa relación e imaxe que vai manter coa escola ou colexio

Nos primeiros días de curso faranse unha reunión xeral con todos os pais/nais dos alumnos/as de 4º de Educación Infantil. Tamén se farán entrevistas persoais cos pais/nais de cada alumno/a co fin de coñecer: as súas circunstancias familiares, idioma materno, lingua empregada, e outros datos de interese para a escolarización.

Este período será o establecido polo calendario escolar para ese ano académico. Durante os primeiros días de setembro, levaranse a cabo as entrevistas individuais cos pais/nais na aula. Así, os pais (se puidese ser pai e nai ou titores legais) virán de forma individual á aula para facer a entrevista inicial co profesor-titor, e farano seguindo un calendario temporal de asistencia

Unha vez remadas as entrevistas os alumnos/as comenzarán de maneira progresiva a súa incorporación nas aulas ata o día que o calendario escolar determine como fin do período de adaptación.

5.2.2. EDUCACIÓN PRIMARIA.

A educación primaria é unha etapa educativa obligatoria que comprende seis cursos académicos, que se cursarán ordinariamente entre os seis e os doce anos de idade.

A finalidade da Educación Primaria é facilitar aos alumnos e alumnas as aprendizaxes da expresión e comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, o hábito de convivencia así como os de estudio e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado e de preparalos para cursar con aproveitamento a educación secundaria obligatoria.

• OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA.

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- ✓ Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- ✓ Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- ✓ Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- ✓ Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- ✓ Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- ✓ Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- ✓ Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- ✓ Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- ✓ Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- ✓ Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construcción de propostas visuais e audiovisuais.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- ✓ Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- ✓ Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- ✓ Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestiós de diversidade afectivo-sexual.
- ✓ Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- ✓ Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

• ÁREAS: DISTRIBUCIÓN HORARIA.

O currículo está integrado por: os obxectivos, as competencias, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares e resultados de aprendizaxe availables, e a metodoloxía didáctica.

Para os efectos deste decreto enténdese por

- ✓ Obxectivos: os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.
- ✓ Competencias: as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.
- ✓ Contidos: o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO.
CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- ✓ Criterios de avaliación: o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.
- ✓ Estándares de aprendizaxe availables: especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e availables, e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.
- ✓ Metodoloxía didáctica: o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

ASIGNATURAS	1ºEP	2ºEP	3ºEP	4ºEP	5ºEP	6ºEP
Lingua galega e literatura	4G	4G	4G	4G	4G	3G
Lingua castelá e literatura	4C	4C	4C	4C	4C	3C
Matemáticas	5C	5C	4C	4C	5C	5C
Ciencias sociais	3G	2G	3G	2G	2G	3G
Ciencias da natureza	2G	2G	2G	2G	2G	2G
Lingua estranxeira	2I	2I	3I	3I	3I	3I
Educación Física	2C	2C	2C	2C	2C	2C
Educación artística. Música	1G	1G	1G	1G	1G	1G
Educación artística. Plástica	1I	1I	1I	1I	1I	1I
Relixión/Valores sociais e cívicos	1C	2C	1C	1C	1C	1C
Libre configuración				1C		1F
TOTAL	25	25	25	25	25	25

G= galego C= castelán I= inglés F= francés

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

• COMPETENCIAS CLAVE.

A LOE establece oito competencias básicas que o alumnado debe desenvolver e acadar ao longo do ensino básico. Ainda que estas veñen indicadas para o ensino obligatorio, é preciso que o seu desenvolvemento se inicie dende o comezo da escolarización, de xeito que a súa adquisición se realice de forma progresiva e coherente. Estas competencias, polo tanto, orientarán o currículo de educación infantil, téndose como referente para que guíen a práctica educativa.

Estableceronse oito competencias básicas: competencia en comunicación lingüística, competencia matemática, competencia no coñecemento e interacción co mundo físico, tratamiento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá, competencia cultural e artística, competencia para aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal.

A incorporación das competencias básicas no currículo obriga a reformular a práctica educativa. Precísase un cambio, débense abandonar os tradicionais modelos de transmisión de coñecemento por modelos que permitan a movilización de diferentes recursos cognitivos. O paradigma educacional referente debe ser o de “aprender a aprender” e de “aprender facendo”. Cómpre unha aprendizaxe significativa que se transfira a situacóns da vida real e que implique a resolución de problemas na práctica.

5.3. ASPECTOS XERAIS DAS PROGRAMACIÓNNS.

Para a elaboración das programaciónns didácticas vaise seguir o seguinte guión:

1. Introducción e contextualización.
2. Obxectivos da etapa.
3. Áreas.
 - 3.1. Obxectivos da área.
 - 3.2. Contribución da área ao desenvolvemento das competencias.
 - 3.3. Organización e secuenciación dos contidos.
 - 3.4. Actividades.
 - 3.5. Temporalización.
 - 3.6. Criterios de avaliación.
 - 3.7. Estándares de aprendizaxe.
 - 3.8. Mínimos esixibles para o logro das competencias.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- 3.9. Procedimentos de avaliación.
- 3.10. Instrumentos de avaliación.
- 3.11. Criterios de cualificación.
- 3.12. Criterios de promoción.
- 3.13. Directrices e instrumentos para a realización da avaliação inicial.
- 3.14. Metodoloxía.
- 3.15. Actividades de recuperación e reforzo
- 3.16. Materiais e recursos didácticos.
- 3.17. Medidas de atención á diversidade.
4. Procedimentos e indicadores para avaliar a propia programación.
 - 4.1. Procedimentos para avaliar a propia programación.
 - 4.2. Indicadores da avaliação do alumnado.
5. Constancias de información ao alumnado e as súas familias.

5.4. ORGANIZACIÓN DE ESPAZO E TEMPO ESCOLAR.

5.4.1. CRITERIOS PARA A PLANIFICACIÓN DOS ESPAZOS EN EI E EN EP.

En xeral, todos os espazos e instalacións do centro atenderán prioritariamente ás actividades lectivas e administrativas, ante as complementarias e extraescolares a excepción das marcadas neste mesmo punto.

Cando os espazos teñan responsables concretos, calquera outra actividade que se queira realizar por outras persoas, desenvolverase co coñecemento e coordinación do responsable do espazo en cuestión.

O noso centro é un centro académico limpo, ordenado, agradable e seguro. Polo que todos contribuiremos ao coidado e mantemento das instalacións e o material do noso centro. O recinto escolar está reservado ao alumnado matriculado no mesmo.

Non se permitirá a entrada a persoas alleas ao centro, a excepción de aquelas que veñan a realizar xestións relacionadas co mesmo. Nos restantes casos será necesario dirixirse a Dirección para solicitar o acceso.

O alumnado non poderá acceder ás dependencias reservadas para o profesorado, como salas de profesorado, dirección, fotocopiadora,... sen a debida autorización previa.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

As aulas do centro non estarán previamente asignadas durante toda a escolarización a un determinado nivel ou a un determinado profesor.

Na distribución das aulas procurarase ter en conta a distribución de zonas xa asignadas para 1º-2º, 3º - 4º e 5º- 6º

Existirá unha aula específica de música, inglés e relixión católica sempre e cando non fagan falta os espazos para ubicar algúun curso.

Existirán aulas específicas para PT e AL.

A materia de valores sociais e cívicos impartirse na aula da titoría que recibe a materia nese momento, unha vez que o alumnado matriculado en Relixión marche á súa aula. En caso de que non haxa aula de relixión buscarase unha ubicación para levar a cabo o desdobre de relixión e valores.

Nas aulas procurarase respectar o mobiliario e instalacións tendo en conta que é un espazo compartido que no vindeiro curso pode corresponder a outro profesorado e alumnado. Polo tanto, se algúun profesor cambia de aula, queda prohibido mover mobiliario ou material informático, xa que a dotación pertence á aula e non ao profesorado.

Como espazos do centro haberá: biblioteca, polideportivo, aula de música, aula de relixión, aula de psicomotricidade en infantil, salón de actos, despachos da zona administrativa, sala de profesorado, servizos hixiénicos, patio exterior, patio cuberto, patio de zona tranquila, e comedor.

5.4.2. CRITERIOS PARA A PLANIFICACIÓN DOS TEMPOS EN EI E EN EP.

- ✓ Cumprir a normativa vixente á hora de asignar horarios ao profesorado, ao equipo directivo, coordinacións, dinamizacíons.
- ✓ Ter en conta as habilitacións de cada docente.
- ✓ Que os titores/as impartan as áreas básicas e, na medida do posible, que estas se concentren nas primeiras horas.
- ✓ Facer coincidir as horas de apoio coas áreas instrumentais.
- ✓ Tentar que entre o menor número de profesorado nunha titoría.
- ✓ Na medida do posible non facer coincidir o horario das especialidades en días seguidos nin na mesma franxa horaria.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- ✓ Que as horas de especialidades non coincidan sempre nas últimas horas, garantir, que polo menos unha, sexa antes do recreo.
- ✓ Manter as horas de coordinación dos especialistas de inglés coa auxiliar de conversación.
- ✓ Favorecer a coordinación do equipo Directivo.
- ✓ No caso de non cubrir 25 horas semanais de garda, ou cando no haxa docentes de garda, utilizaranse as horas de gardas de biblioteca, coordinación, dinamización e cargos directivos.
- ✓ Tentarase, na medida do posible, que as sesións de Matemáticas e Lingua sexan nas primeiras horas da mañá.
- ✓ Distribuirase o horario do Equipo Directivo de maneira equilibrada ao longo da semana, de maneira que coincidan os seus membros polo menos nunha sesión, sempre que sexa posible.
- ✓ Unha vez terminada a xornada escolar o centro permanecerá aberto polas tardes en horario de luns a venres de 15:45 a 17:45 horas.
- ✓ Antes do comezo da xornada escolar abrirase o centro para o funcionamento do Servizo de Madrugadores.
- ✓ Cada docente titor/a deberá impartirá polo menos 1 hora diaria co seu grupo de referencia.
- ✓ Non se incluirá máis dunha sesión diaria da mesma área curricular ao mesmo grupo de alumnos/as (salvo que sexan seguidas e formando parte da mesma unidade).
- ✓ Dentro do horario semanal dedicarase todos os días polo menos 20 minutos para o Fomento da lectura e desenvolvemento da Comprensión Lectora, esta sesión realizarase despois do recreo.
- ✓ A materia de Valores Sociais e Cívicos (VSC) a impártaa preferentemente cada titor/á ao seu grupo de alumnos/as, sempre e cando a súa distribución horario o permita.
- ✓ O horario de P.T e A.L. será flexible segundo as necesidades.

• DISTRIBUCIÓN HORARIA.

A xornada lectiva do centro para o alumnado é de 25 horas semanais distribuídas en 7 sesións en horario de 9:30 a 14:30 horas. As tres primeiras sesións son de 50 minutos, a cuarta sesión dedícase ao recreo e ten unha duración de 30 minutos, a quinta sesión ten

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

unha duración de 20 minutos dedica a lectura e as dúas últimas sesións teñen unha duración de 50 minutos cada unha.

• HORARIO DE APERTURA DO CENTRO.

A xornada lectiva terá lugar de 9:30 a 14:30 horas. O horario de apertura da porta para que o alumnado acceda ao centro será ás 9:20 horas. O servizo de comedor terá por horario de 14:30 a 15:45 horas. E o servizo de transporte pola tarde sairá ás 15:45 horas.

A Atención temperá (servizo de madrugadores), xestionada pola ANPA, terá como horario de 7:30 horas a 9:30 horas.

As Actividades extraescolares, tamén xestionadas pola ANPA, serán realizadas de luns a venres en horario de 15:45 horas a 17:45.

O servizo de biblioteca, vixiado polos mestres do centro, estará aberto os luns, mércores, xoves e venres, en horario de 15:45 a 17:45 horas.

5.5. METODOLOXÍA.

Dado que o PEC é o instrumento que recolle e comunica unha proposta integral para dirixir e orientar coherentemente os procesos de intervención educativa que se desenvolven no centro, cómpre concretar que tipo de tratamento imos adoptar respecto das opcións metodolóxicas da práctica educativa, así como os criterios que teremos en conta para avaliar os procesos e os resultados da nosa intervención pedagóxica.

No proxecto educativo do noso centro, propoñemos un modelo de escola aberto ao cambio e cun currículo flexible:

- ✓ A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave na que o alumno/a será o protagonista da acción educativa. O papel do profesor/a debe ser unha mestura entre guía e mediador, que fomente tanto o traballo individual coma en grupo.
- ✓ Intentaremos desenvolver metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. De aí que traballemos a partir do deseño de tarefas integradas de aprendizaxe que impliquen unha repercusión social.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO.
CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- ✓ Queremos impulsar as relacións entre iguais, proporcionando pautas que permitan a confrontación e modificación dos puntos de vista, a coordinación de intereses, a toma de decisións colectivas, a axuda mutua e a resolución de conflitos mediante o diálogo e a cooperación, superando deste xeito toda forma de discriminación; así coma, dar unha resposta aos distintos niveis de aprendizaxe de cada neno/a, adaptando a ensinanza ás necesidades e ritmos de cada quen.
- ✓ A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.
- ✓ Atenderase as intelixencias múltiples do alumno (intelixencia viso- espacial, lingüística, kinestésica- corporal, ecolólica, lóxica matemática, interpersoal, intrapersoal e musical), traballándoas dun xeito integrado.
- ✓ Adaptaremos o ensino aos diferentes ritmos e capacidades de aprendizaxe, flexibilizando na medida do posible os tempos escolares e os espazos, coa finalidade de atender á diversidade do alumnado.
- ✓ Co obxectivo de atender á diversidade do alumnado poranse en marcha medidas tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe: apoio no grupo ordinario, agrupamentos flexibles ou adaptacións do currículo.
- ✓ Favoreceremos o traballo por proxectos, especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias. Esta metodoloxía pretende axudarlle ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo nel a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais. -
- ✓ Procuraremos un ensino globalizado, tratando os contidos das distintas áreas do coñecemento de forma interrelacionada a fin de impulsar a comprensión, a motivación e a funcionalidade das aprendizaxes.
- ✓ Partiremos do convencemento de que toda aprendizaxe debe ser significativa, só a comprensión da realidade permite valorala e tomar opcións ante ela.
- ✓ Os procesos de ensino-aprendizaxe deberán conectar coas necesidades de cada neno/a, a experiencia e a vida cotiá do alumnado.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- ✓ O alumnado deberá ter unha actitude favorable para aprender, estar motivado, de aí que deberemos espertar o seu interese e curiosidade, partindo de aprendizaxes vivenciais e manipulativas para pasar despois á fase gráfica e simbólica.
- ✓ Promoveremos unha aprendizaxe funcional, na medida que sexan quen de transferilas e, polo tanto, ser quen de utilizar o aprendido noutras situacóns novas.
- ✓ Fomentaremos a aprendizaxe mediante a busca, e dicir, o alumnado deberá buscar solucións a situacóns problemáticas; sendo importante o traballo do método científico no pensamento, de forma que ante unha situación sexan capaces de, analízala, facer hipóteses e aplicar os seus coñecementos para resolvela e valorar a resolución da mesma.
- ✓ Cada titor/a ou profesor/a poderá asumir con autonomía responsable calquera toma de decisións que considere conveniente para optimizar o proceso educativo de todos os alumnos/as.
- ✓ Entendemos o labor educativo baseado no respecto mutuo, no diálogo e a reflexión. Neste senso consideramos preciso que o alumnado adquira unhas habilidades sociais básicas e que aprenda a resolver problemas interpersoais partindo do diálogo e a empatía, poñéndose no sitio dos demais para valorar as diferentes situacóns.
- ✓ Flexibilizaremos tamén a temporalización das Unidades Didácticas, proxectos, tarefas para adaptar a aprendizaxe aos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- ✓ centro aposta polo traballo en equipo e a coordinación interna dos seus membros co fin de coordinar as aprendizaxes e contidos cos doutros niveis educativos.
- ✓ Apostamos, tamén, por unha escola aberta, rica en aprendizaxes fóra da aula, valorando positivamente as saídas ao contorno e as saídas culturais que presidirán unha boa parte da formación do noso alumnado. Unha escola integrada no medio que dea e reciba, capaz de relacionarse positivamente con toda a Comunidade (pais, organizacións culturais, Concello...), tratando de aproveitar a maior cantidade dos recursos educativos e humanos que nos ofertan estes medios.

5.6. CRITERIOS PARA O AGRUPAMENTO DO ALUMNADO.

Estes criterios aparecerán recollidos nas NOFC do centro, no apartado 5.1.10, tanto para Educación Infantil como para Educación Primaria.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

5.7. PLAN DE AVALIACIÓN. CRITERIOS XERAIS DO CENTRO SOBRA A AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN DO ALUMNADO.

5.7.1. AVALIACIÓN EN EI.

A avaliación dos nenos e nenas en educación infantil terá, como principal obxectivo, ofrecer información de como se está desenvolvendo o proceso educativo para unha intervención más axeitada cara a mellora. Para iso, a avaliación debe explicar e describir os progresos que os nenos e nenas realizan e as dificultades coas que se encontran, así como as estratexias e recursos que se poñen en xogo en dito proceso.

Na Educación Infantil, a avaliación atenderá a tódolos ámbitos da persoa e terá en conta a singularidade de cada alumno e de cada alumna. Analizará o seu proceso de aprendizaxe, as súas características e as súas necesidades específicas. Subministraranos datos que nos axudarán a entender os procesos seguidos polos nenos e polas nenas.

A avaliación ten que ter un carácter procesual e continuo, polo que estará presente, de forma sistemática, no desenvolvemento de tódalas actividades e non só en momentos concretos e illados.

O proxecto propón unha avaliación: global, porque se referirá ó conxunto de capacidades expresadas nos obxectivos xerais do nivel da Educación Infantil, obxectivos que se adecuarán a cada contexto concreto e a cada alumno e a cada alumna; continua, porque se considerará un elemento inseparable do proceso de aprendizaxe dos nenos e das nenas; formativa, porque proporcionará unha información constante que permitirá adapta-la intervención educativa; e aberta, xa que se poderá adaptar ós diferentes contextos.

A avaliación terá en conta, polo tanto, os obxectivos xerais da Educación Infantil, as competencias básicas, os contidos curriculares dos distintos ámbitos de aprendizaxe e todos os criterios de avaliación establecidos. Estes aspectos quedarán reflectidos nos diferentes rexistros de avaliación:

- ✓ Rexistro de avaliación inicial: inclúe datos relevantes relacionados cos nenos e nenas e a súas familias, ademais dos seus hábitos e intereses.
- ✓ Rexistros de avaliación continua: donde se fai referencia aos criterios de avaliación establecidos para o nivel educativo correspondente. Determinarase se cada criterio

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

de avaliación está: Conseguido/Non conseguido/En proceso, así mesmo deixarase un espazo para as posibles observacións de cada indicador.

- ✓ Observación directa e sistemática.
- ✓ Rexistro diario de incidencias.
- ✓ Diálogos cos nenos e nenas.
- ✓ Valoración das actividades e do traballo realizado ao longo da unidade.
- ✓ Observación do comportamento dos nenos e das nenas.
- ✓ Recollida de información por parte da familia e doutros membros do equipo docente.
- ✓ Rexistros de avaliação de cada unidade en función dos criterios de avaliação.
- ✓ Rexistros de avaliação trimestrais en función dos criterios de avaliação.
- ✓ Rexistro de avaliação da etapa en función dos mínimos exixibles para o logro das competencias básicas.

A información que se lles proporciona ás familias terá un carácter cualitativo, resaltaránse os progresos e os logros dos alumnos e das alumnas nas distintas áreas e as medidas de reforzo e adaptación levadas a cabo.

5.7.2. AVALIACIÓN EN EP.

Segundo o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autonoma de Galicia, con respecto a avaliação terase en conta o seguinte:

- ✓ Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacóns continua e final das disciplinas troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliação e os estándares de aprendizaxe availables que figuran en dito decreto.
- ✓ A avaliação dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.
- ✓ Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliações, incluída a avaliação de terceiro curso e a avaliação final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- ✓ No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- ✓ Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.
- ✓ Co fin de garantir o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe availables, as estratexias e instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción.
- ✓ Os centros docentes realizarán unha avaliación individualizada a todos os alumnos e as alumnas ao rematar o terceiro curso de educación primaria, segundo dispoña a Consellería con competencias en materia de educación, na que se comprobará o grao de dominio das destrezas, as capacidades e as habilidades en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación co grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática.
- ✓ Ao rematar o sexto curso de educación primaria realizarase unha avaliación final individualizada a todos os alumnos e todas as alumnas, na que se comprobará o grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa. Para a avaliación utilizaranse como referentes os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe availables que figuran nos anexos I, II e III deste decreto. O nivel obtido por cada alumno ou alumna farase constar nun informe, que será entregado aos pais, ás nais ou ás persoas que exerzan a titoría legal e que terá carácter informativo e orientador para os centros docentes nos que os alumnos e as alumnas cursasen o sexto curso de educación primaria e para aqueles nos que cursen o seguinte curso escolar, así como para os equipos docentes, os pais, as nais ou as persoas que exerzan a titoría legal e os alumnos e as alumnas. O nivel obtido será indicativo dunha progresión e aprendizaxe adecuadas, ou da

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

conveniencia da aplicación de programas dirixidos ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ou doutras medidas.

- ✓ Co fin de facilitar a transición desde a educación primaria á educación secundaria obligatoria, os centros docentes prestaranlle unha especial atención á coordinación entre ambas as dúas etapas, para salvar as diferenzas pedagóxicas e organizativas e os desaxustes que se poidan producir no progreso académico do alumnado, para o que se terá en conta, entre outros mecanismos, o informe indicativo do nivel obtido na avaliación final de etapa.
- ✓ A consellería con competencias en materia de educación poderá establecer plans específicos de mellora naqueles centros docentes públicos cuxos resultados sexan inferiores aos valores que, para tal obxecto, determine. En relación cos centros docentes concertados atenderase á normativa reguladora do concerto correspondente.

5.7.3. INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

A observación continua e a apreciación do carácter global da avaliación obrígannos ao uso de distintos instrumentos para avaliar e, finalmente, cualificar o traballo dos nosos alumnos e alumnas.

Os instrumentos de avaliación deben cumplir os seguintes requisitos:

- ✓ Ser moi variados, de modo que permitan avaliar os distintos tipos de capacidades e de contidos curriculares.
- ✓ Dar información concreta do que se pretende avaliar.
- ✓ Utilizar distintos códigos (verbais, gráficos, numéricos, audiovisuais,...) de modo que se adecúen ás distintas aptitudes sen que o código obstaculice o contido que se pretende avaliar.
- ✓ Ser aplicables en situacións estruturadas da actividade escolar.
- ✓ Permitir avaliar a transferencia das aprendizaxes a contextos distintos daqueles nos que adquiriron, comprobando así a súa funcionalidade.

Seleccionamos á hora de avaliar os seguintes instrumentos, de forma xeral, e en cada área concretaranse, segundo os contidos, aqueles instrumentos más adecuados:

- ✓ A observación do traballo diario do alumno en clase.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- ✓ A análise das tarefas realizadas no caderno de clase, comprobando a expresión escrita, limpeza e claridade nas súas exposicións.
- ✓ As actividades escritas e orais son instrumentos que se utilizarán para analizar e valorar a asimilación de coñecementos por parte dos alumnos e alumnas.
- ✓ A utilización de instrumentos que posibiliten a obxectivización de datos, rexistro ordenado dos mesmos e a futura descripción fundamentada das características de cada neno ou nena: fichas de observación, cuestionarios, listas de control, etc,...
- ✓ A actitude, esforzo, interese, respecto polas normas.
- ✓ As entrevistas con alumnos e pais, pola información complementaria que permite recoller información para contextualizar mellor o proceso de ensino-aprendizaxe e así permitir unha relación máis positiva entre Centro-Familia.

A ponderación que se lle outorga a cada un dos instrumentos de avaliación empregados na programación didáctica á hora de obter a cualificación final do alumno/ alumna reflectirase nas programacións anuais en función dos niveis e especialidades, segundo o seguinte cadro:

% DA CUALIFICACIÓN		% DA CUALIFICACIÓN		% DA CUALIFICACIÓN	
1. PROBAS ESCRITAS		2. PROBAS ORAIS		3. OBSERVACIÓN DIRECTA	
Probas escritas de avaliação de contidos.	X %	Probas orais individuais.	X %	Rexistro anecdótico e rexistro de incidencias.	X %
Lista de control de tarefas escolares realizadas na actividade da clase.	X %	Participación na clase.	X %		
Caderno de clase.	X %				
Proxectos e traballos feitos polo alumnado.	X %				

5.7.4. CRITERIOS DE PROMOCIÓN.

- **CRITERIOS DE PROMOCIÓN EN EDUCACIÓN INFANTIL.**

A escolarización na etapa de Educación Infantil “poderase aumentar excepcionalmente nun ano con respecto do disposto con carácter xeral. En ningún caso será posible permanecer nesta etapa máis alá do ano natural no que se cumplan os sete anos

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

(de idade” (art. 27 da Orde do 27/12/02 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais)

A posibilidade de permanencia dun/dunha alumno/a un curso máis en Educación Infantil deberá ser estudiada na sesión de avaliación do segundo trimestre cando o/a alumno/a se atopa en 6º de Educación Infantil. En dita sesión estará presente o equipo docente que traballa directamente co/coa alumno/a, co obxectivo de informar e consensuar sobre a capacidade e desenrolo madurativo do mesmo.

O/a alumno/a que flexibilice:

- Deberá ser alumno/a de necesidades educativas especiales e presentar un desfase mínimo de dous anos no desenrolo madurativo en relación á idade cronolóxica.
- Deberase valorar se a permanencia ou non dun ano máis, cubrirá a necesidade de atención individualizada de dito alumno/a, e se se poderán garantir os recursos e apoios que tanto o/a alumno/a coma o resto do grupo precisarán.
- Valoraranse as características do nivel de 6º de Educación Infantil para garantir que esta medida beneficiará ao/á alumno/a. Para dita flexibilización do período de escolarización deberase seguir o procedemento e prazos de solicitude establecidos nos art. 30 e 31 da citada Orde, segundo a cal a dirección do centro no mes de abril presentará a oportuna solicitude. Esta acompañarase da seguinte documentación:
Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo departamento de orientación do centro
 - ✓ Conformidade expresa dos pais ou titulares legais do alumno o Proposta de adaptación do currículo segundo o disposto na Orde do 6 de outubro de 1996.

A citada solicitude remitirse, xunto co informe da inspección educativa, á xefatura territorial, á que corresponderá a autorización ou denegación da flexibilización. Tanto por iniciativa da inspección educativa, como pola da Xefatura Territorial, poderase requirir ao equipo de orientación específico dependente da xefatura territorial correspondente a elaboración dun informe complementario ao respecto.

- **CRITERIOS DE PROMOCIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA.**

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada por parte de dito equipo docente, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

Desta forma estudaranse por separado a singularidade de cada alumno/a e a natureza das súas dificultades, analizando si estas lle impiden verdadeiramente seguir con éxito o seguinte nivel e si hai expectativas favorables de recuperación.

Si non houbese acordo, prevalecerá o criterio do mestre/a titor/a que terá especialmente en consideración as cualificacións obtidas nas áreas de Linguas e de Matemáticas.

O/a alumno/a accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.

Cando un/unha alumno/a non promocione deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio. O trámite de audiencia da familia será levado a cabo por parte do mestre/a titor/a podendo contar coa colaboración do departamento de orientación.

A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

O alumnado que promocione de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación

Con carácter xeral:

- Os/as alumnos/as con avaliación positiva en tódalas áreas promocionarán automáticamente ao curso ou etapa seguinte.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- O alumnado que non obteña cualificación positiva en tres ou más materias, sendo unha delas Lingua Castelá, Lingua Galega, Matemáticas e Primeira Lingua extranxeira; non promocionará ao curso seguinte.
- Así mesmo non promocionará o que suspenda Matemáticas e unha das linguas (Lingua galega, Lingua castelá, Primeira Lingua Estranxeira)

En todo caso, tamén será tido en conta para tomar a decisión de promoción ou non os seguintes criterios:

- Tendo en conta que a decisión de non promoción, só se pode adoptar unha vez ó longo da Etapa de forma ordinaria, ésta tenderase a **adoptar canto antes**, (primeiro ou segundo de E.P), sen agardar a que o desfase de aprendizaxes con respecto ao grupo se agrave innecesariamente facendo imprescindible unha atención máis individualizada.
- Si xa se adoptou a medida de non promoción durante a etapa, o/a alumn@ promociona automaticamente.
- En calquera caso, terase en conta no ámbito de socialización, a incidencia da integración en distintos grupos do alumno/a en cuestión.
- Teranse en conta tamén a composición numérica, nivel..., dos grupos en opción así como as posibilidades e recursos humanos (profesorado de apoio) e materiais das aulas e do centro en xeral.
- Cando o alumnado teña autorizada unha adaptación curricular, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos na súa adaptación.

• CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO CON NEE.

Terase tamén en conta que, de acordo coa Orde do 27/12/02 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais, a escolarización do alumnado con N.E.E. na Ed. Primaria “poderase aumentar excepcionalmente nun ano con respecto ó disposto con carácter xeral. No caso de non ter permanecido un ano máis na Ed. Infantil será posible aumentar un segundo ano con carácter excepcional. En calquera caso, non se poderá continuar na Ed. Primaria máis alá do ano natural no que se cumpran os quince anos de idade”.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

Para esta flexibilización do período de escolarización dun alumno con N.E.E. na etapa de E. Primaria deberase seguir o procedemento e prazos de solicitude establecidos no art. 30 e 31 da citada Orde, e xa resumidos no primeiro apartado (Criterios para valorar a permanencia en Educación Infantil)

Ao mesmo tempo, tal e como se sinalou no apartado anterior cando o alumnado teña autorizada unha adaptación curricular, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos na dita adaptación.

• CRITERIOS DE PROMOCIÓN POR CURSO.

Os/as alumnos/as con algunha área pendente solo poderán acceder ao curso ou etapa seguinte cando as aprendizaxes non alcanzadas non lles impidan seguir con aproveitamento o novo curso ou etapa. Por esta razón, deberá terse en conta o dominio dos contidos básicos a alcanzar en cada un dos niveis.

O equipo docente propón como imprescindibles para aproveitar o seguinte curso ou etapa os que a continuación se enumeran relativos aos diferentes niveis da etapa de Educación Primaria

➤ AO FINAL DE PRIMEIRO

LINGUA CASTELÁ OU LINGUA GALEGA.

- Comunícase de forma axeitada a nivel oral:
 - Describir seres e lugares.
 - Pide información.
 - Comprende o sentido global de mensaxes orais da vida cotiá.
- Le e comprende textos breves:
 - Narracións e diálogos.
 - Instruccións sinxelas dadas por escrito.
- Copia sen faltas algunas oracións sinxelas.
- Escribe a ditado palabras e frases sinxelas.
- Ordena correctamente frases sinxelas.
- Compón oracións sinxelas repetindo unha estrutura correcta.
- Distingue entre os tempos presente, pasado e futuro.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO.
CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- Identifica os aspectos básicos dos seguintes elementos gramaticais:
 - Sílabas, palabras e oracións.
 - Masculino e feminino.
 - Singular e plurar.

MATEMÁTICAS.

- Le e escribe números con cifras ata o 100 e con letras ata o 20
- Ordea números ata o 100
- Coñece os números ordinais correspondentes aos 10 primeiros números.
- Realiza operacións de suma (con e sen levadas) e restas (sen levadas) de números de dúas cifras.
- Le a hora (en reloxo analóxico e/ou dixital) en punto e medias.
- Nomea e recoñece as seguintes figuras planas: cadrado, triángulo, rectángulo e círculo

➤ **AO FINAL DE SEGUNDO.**

LINGUA CASTELÁ OU LINGUA GALEGA

- A nivel oral presenta orde e coherencia en relación a:
 - Describir seres, obxectos e lugares.
 - Realizar narracións sinxelas,
 - Expor e demandar información.
- Le en voz alta (sen silabeo e con velocidade lectora mínima de 50 palabras por minuto) distintos tipos de textos e comprende o seu contido.
- Comprende o sentido global de textos escritos sinxelos de uso habitual e contesta ás preguntas formuladas
- Escribe a ditado textos sinxelos, respectando os coñecementos ortográficos e gramaticais adquiridos:
 - Uso da maiúscula.
 - “m” antes de p e b.
 - “r” e “rr”

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- Signos de puntuación: punto e seguido, punto e aparte e signos de interrogación.
- Separa as sílabas dunha palabra.
- Compón textos narrativos dunhas 20/30 palabras. coa debida separación-unión de palabras e con grafía flexible.
- Establece as concordancias de xénero e número entre as palabras da oración
- Recoñece aspectos gramaticais:
 - Xénero e número.
 - Nomes comúns e propios.

MATEMÁTICAS

- Conta, le e escribe con cifras e con letras, números menores de 1000, coñecendo o seu valor.
- Usa con corrección os números ordinais correspondentes aos 10 primeiros.
- Establece equivalencias entre decenas, centenas e unidades.
- Realiza operacións de suma e restas de números de dúas e tres cifras con e sen levadas.
- Resolve problemas sinxelos relacionados coa vida diaria que impliquen unha operación (suma ou resta)
- Coñece o concepto de multiplicación e domina as táboas de multiplicar do 1, 2, 5 e 10.
- Suma e resta mentalmente un número de unha cifra a outro de dúas cifras.
- Coñece as unidades fundamentais de medida: lonxitude (metro), masa (kilogramo) e capacidade (litro).
- Coñece as unidades para medir o tempo: día, semana, mes e ano.
- Le a hora (en reloxo analóxico e/ou dixital) en punto, cuartos e medias.
- Nomea segundo o número de lados e recoñece as seguintes figuras planas: cadrado, triángulo, rectángulo e círculo.

➤ AO FINAL DE TERCEIRO.

LINGUA CASTELÁ OU LINGUA GALEGA

- A nivel oral exprésase adecuadamente no relativo a:
 - Expresar opinións propias sobre temas da súa vida cotiá

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- Seguir instrucións orais breves.
- Organizar o discurso.
- Memoriza e reproduce textos breves
- Le textos breves con fluidez, boa pronunciación e ritmo adecuado textos en diferentes formatos: noticias, narracións, diálogos, poesía...
- Coñece e respeta ademáis das regras ortográficas sinaladas para 2º de Educación Primaria, as seguintes:
 - G-J
 - C-Z
 - C-QU
- Clasifica palabras polo número de sílabas.
- Recoñece a lo menos:
 - Substantivos
 - Verbos.
 - Adxectivos.
 - Xénero.
 - Número.
 - Oración.
- Compón textos narrativos e descriptivos dunhas 60 palabras coidando:
 - A presentación.
 - A caligrafía.
 - As marxes.
 - A ortografía.

MATEMÁTICAS

- Conta, le e escribe con cifras e con letras, números menores de 10.000, coñecendo o seu valor.
- Coñece os números ordinais correspondentes aos 20 primeiros números.
- Realiza operacións de sumas e restas de números de catro cifras con e sen levadas.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO.
CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- Coñece o concepto de multiplicación e domina as táboas de multiplicar do 1 ao 10.
 - Realiza multiplicacións (multiplicando de 4 cifras e multiplicador de 1 cifra)
 - Realiza divisións exactas de 3 cifras no dividendo e 1 cifra no divisor.
 - Resolve problemas con cantidades sinxelas utilizando operación de suma, resta ou multiplicación.
 - Realiza mentalmente:
 - Sumas de tres números: dous dunha cifra e outro de tres acabado en cero.
 - Restas co minuendo múltiplo de cen e o sustraendo de dúas ou tres cifras con unidades e decenas en cero.
 - Le, escribe e representa fraccións con numerador e denominador menor que 10.
 - Coñece as equivalencias entre as unidades de medida de tempo, lonxitude, masa e capacidade.
 - Coñece os ángulos e clasífiقاos en agudos, rectos e obtusos.
 - Nomea e recoñece os polígonos de 3, 4 e 5 lados.
- **AO FINAL DE CUARTO.**

LINGUA CASTELÁ OU LINGUA GALEGA

- A nivel oral:
 - Participa en conversas e debates dando a súa opinión de forma coherente e ordeada, respetando o turno e usando un vocabulario apropiado ao contexto.
 - Resume textos sinxelos mantendo unha orde.
 - Comunica con aquelo que pensa
- Le un mínimo de 90 palabras por minuto con entoación e comprensión.
- Resume textos sinxelos
- Sabe utilizar o diccionario sen axuda.
- Recoñece os diferentes tipos de palabras dentro dunha frase: determinantes, nomes, verbos e adjetivos
- Utiliza as formas verbais adecuadas a un contexto determinado de verbos regulares e irregulares habituais.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO.
CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- Distingue a sílaba tónica dentro dunha palabra e clasifica as palabras en agudas, graves e esdrúxulas.
- Compón textos narrativos, descriptivos e expositivos, resumos, instrucción e esquemas dunhas 100 palabras coidando:
 - A presentación.
 - A caligrafía.
 - • As marxes.
 - • A orde no papel
 - • A ortografía: maiúsculas, Z/C, R/RR, H, Y/I, GU/J/G.

MATEMÁTICAS

- Le, escribe e ordena números naturais menores de 100.000 con cifras e con letras. Descompón atendendo ao valor posicional das súas cifras.
- Coñece os números ordinais correspondentes aos 39 primeiros números naturais
- Realiza operacións de sumas e restas de números de seis cifras con e sen levadas.
- Realiza multiplicacións (multiplicando de 3 cifras e multiplicador de 2 cifras)
- Realiza divisións exactas de 6 cifras no dividendo e 1 cifra no divisor.
- Aplica razoamentos matemáticos básicos para resolver problemas que impliquen operacións combinadas con cantidades sinxelas.
- Realiza mentalmente:
 - Sumas de tres números dunha cifra.
 - Restas dun número de tres cifras menos outro de dúas.
 - Restas de múltiplos de 10, 100 ou 1000
- Comprende o significado de fraccións propias con denominador menor de 10.
- Coñece e emprega as equivalencias nas unidades de medida de tempo, lonxitude, masa e capacidade.
- Sabe medir ángulos co transportador e clasifícaos en agudos, rectos e obtusos.
- Coñece os polígonos de ata 8 lados.

➤ **AO FINAL DE QUINTO.**

LINGUA CASTELÁ OU LINGUA GALEGA

- Usa a linguaxe oral para distintas finalidades (académica, social, lúdica, expresiva...) e necesidades (narrar, describir, informarse, dialogar, argumentar...)
- Comprende o sentido global de narracións, descripcións, informacións, instrucións e argumentacións orais e responde de forma correcta a preguntas sinxelas relativas á comprensión literal, interpretativa e crítica do texto.
- Le e comprende todo tipo de texto lidos en voz alta ou en silencio e responde ás preguntas realizadas sobre ditos textos.
- Utiliza estratexias para a comprensión de textos escritos:
 - Deduce polo contexto
 - Extrae ideas principais e secundarias.
 - Saca conclusóns
- Recoñece os diferentes tipos de palabras dentro dunha frase: determinantes, nomes, verbos, adjetivos e pronomes.
- Identifica o suxeito e o predicado dunha frase simple e os seus núcleos.
- Presenta adecuadamente os traballos escritos utilizando adecuadamente regras ortográficas e signos de puntuación e acentuación.
- Redacta textos narrativos incluindo diálogos e descripcións e seguindo unha orde.
- Diferencia prosa e verso.

MATEMÁTICAS

- Le, escribe e comprende tanto con cifras coma con letras calquer número natural ata as centenas de millón
- Coñece a numeración romana e as equivalencias coa numeración decimal.
- Domina as catro operacións básicas con números naturais e decimais.
- Le e escribe fraccións, sabe ordenalas, simplificalas e realizar algúns cálculos sinxelos.
- Resolve problemas relacionados co seu entorno, aplicando as operacións: suma, resta, multiplicación e división por varias cifras.
- Coñece o Sistema Métrico Decimal e realiza cambios de unidades nas medidas de lonxitude, superficie, capacidade e peso. Aplica razoamentos matemáticos básicos

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

para resolver problemas que impliquen operacións combinadas con cantidades sinxelas.

- Clasifica as diferentes figura xeométricas e calcula as súas superficies e perímetros.
- Interpreta e elabora distintos gráficos estadísticos sinxelos.

➤ AO FINAL DE SEXTO..

LINGUA CASTELÁ OU LINGUA GALEGA

- Exprésase oralmente con claridade, coherencia, corrección e fluidez acorde á súa idade.
- Le un mínimo de 120 palabras por minuto coa debida entoación.
- Comprende todo tipo de texto lidos en voz alta ou en silencio, así como tamén textos orais, respondendo ás preguntas realizadas sobre os mesmos e extraendo conclusións sobre eles. Resume oralmente ou por escrito textos destacando as ideas más relevantes.
- Escribe textos coherentes de diferentes tipos adecuando a linguaxe ás características do texto e coidando a caligrafía e presentación.
- Recoñece os diferentes tipos de palabras: determinantes, nomes, verbos, adjetivos, pronomes, preposicións, conjuncións e adverbios.
- Utiliza unha sintaxe correcta nos escritos propios.
- Coñece e aplica as regras xerais básicas de ortografía.
- Conxuga os tempos verbais de modo indicativo dos verbos regulares.
- Sabe formar o infinitivo de calquera verbo.
- Valora a lectura como fonte de lecer e de información.

MATEMÁTICAS.

- Le e escribe tanto con cifras como con letras calquera número natural, decimal e en forma de fracción.
- Ordena números naturais, decimais e en forma de fracción.
- Realiza operacións con números naturais, decimais e en forma de fracción.
- Resolve problemas que impliquen alo menos a resolución de dúas operacións.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- Coñece as unidades de medida de lonxitude, superficie, capacidade e peso e sabe convertilas noutras magnitudes equivalentes.
- Recoñece os diferentes tipos de ángulos e as unidades de medida dos mesmos.
- Coñece as diferentes formas xeométricas e sabe calcular as súas áreas e perímetros.
- Sabe calcular porcentaxes e medias.
- Calcula potencias sinxelas (a lo menos cadrados do 1 ao 10)
- Calcula mentalmente operacións sinxelas empregando diferentes algoritmos e procedementos.

5.7.5. CRITERIOS PARA OUTORGAR MENCIÓN HONORÍFICAS EN 6ºEP.

Segundo queda establecido no artigo 5 da ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, os equipos docentes poderán proponer o outorgamento dunha mención honorífica aos/ás alumn@s que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente.

O equipo docente do CEIP Plurilingüe de Seixalbo establece que o alumnado con rendemento académico excelente é aquel que cumple os seguintes criterios:

- Obter cualificación de 10 alo menos en 4 áreas da etapa (sendo como mínimo unha das unha materia instrumental).
- Posuér certa autonomía na aprendizaxe e hábitos de estudo adecuados.
- Acadar a adquisición das diferentes competencias clave especialmente na competencia de aprender a aprender.
- Mostrar habilidades sociais no relativo á convivencia cos seus iguais, coa comunidade educativa... en especial as referidas ao respecto, tolerancia, non discriminación, empatía...

A mención honorífica seralle outorgada a un **máximo** de arredor do **10 %** do alumnado que promociona a 1º da ESO

A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

5.8. PLANS, PROGRAMAS E PROXECTOS.

5.8.1. PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL.

A Programación Xeral Anual do CEIP Plurilingüe de Seixalbo, elabórase co compromiso de facer máis propia se cabe, a realidade dos sinais de identidade do noso centro, ofertando un ensino de calidade, e considerando como premisas fundamentais a participación e o compromiso de todos os sectores implicados. É, por tanto, o documento no que se presenta o proxecto de actuación da comunidade educativa do noso centro, se establece a súa organización e se fixan obxectivos a acadar en cada curso académico.

Tal programación é un proxecto e, como tal, vén a ser unha relación de obxectivos, intencións e compromisos, froito de reflexión e analise, que se fai a partir dos recursos disponíveis (humanos e materiais) e coa pretensión final de conseguir o maior éxito escolar posible do alumnado do Centro.

Esta Programación Xeral Anual xorde, sobre todo, polas seguintes consideracións:

- 1^a) Por unha necesidade de imperativo legal.
- 2^a) Pola necesidade de elaborar unha guía de traballo que nos evite, na medida do posible, a rutina e improvisación, co establecemento de criterios de actuación compartidos e assumidos pola comunidade educativa, coa fin de mellorar o máximo posible a organización e funcionamento do centro.

5.8.2. MEMORIA ANUAL.

A Memoria de Fin de Curso ten como finalidade facer un balance dos resultados do proceso de avaliación interna que se realiza desde os cursos e Departamentos do centro sobre o seu funcionamento, e reflexa a actividade levada a cabo ao longo do curso. Tamén serve como reflexión de cara ó vindeiro curso.

Esta avaliación faise tendo en conta os obxectivos do Plan de Centro, os logros, as dificultades, e inclúense as propostas de mellora que se consideren. O Equipo directivo coordina a elaboración desta memoria final contando con todas as aportacións dos distintos Equipos docentes, dos cursos e Departamentos nos que se integran os membros do Claustro do Centro.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

5.8.3. PROXECTO LINGÜÍSTICO E DE FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

O Decreto 79/2010 de 20 de maio regula o uso das lingual no sistema educativo galego. No seu artigo 14 di que cada centro elaborará o seu Proxecto Lingüístico e que formará parte do seu Proxecto Educativo.

O claustro de mestres e o Equipo de Dinamización da Lingua do noso centro considera que a lingua galega é un elemento básico de identidade cultural e que une a toda a comunidade educativa que a fala, polo que ao amparo da Lei 3/1983 que propón que se garanta o uso en igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia, favorecerá e impulsará esa igualdade para que ao rematar a Educación Primaria, o noso alumnado teña competencia, oral e escrita, nas dúas lingua.

O proxecto lingüístico válido para catro cursos, será redactado e remitido aos servizos da inspección educativa pero cada ano elaborarase unha adenda con informacíons e modificacións.

Con relación ao uso da lingua galega no centro educativo e nas aulas temos que ter en conta o seguinte, atendendo ao D. 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia:

- as actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes tales como actas, comunicados e anuncios redactaranse, con carácter xeral, en lingua galega,
- as programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva,
- na etapa de educación infantil o profesorado usará a lingua materna predominante entre o alumnado, procurando que adquira a outra. Antes do inicio do curso preguntarase ás familias para determinar a lingua materna,
- na educación primaria garantirse a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel das dúas linguas oficiais. Impartirase en galego as ciencias sociais e ciencias naturais e en castelán as matemáticas. O resto de materias decídeo o claustro, garantindo a mesma porcentaxe de horas semanais en cada lingua,
- o alumnado poderá empregar como lingua oral e escrita calquera das oficiais, agás en lingua galega, lingua castelá e lingua estranxeira. Non obstante, procurarase que empreguen a lingua na que se imparte a materia,

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- o centro pode ofrecer ata un máximo dun terzo do seu horario lectivo semanal en linguas estranxeiras.

Como obxectivos principais do proxecto lingüístico destacan, entre outros:

- Fomentar un ambiente grato e propicio para a utilización da lingua galega.
- Estimular a utilización do galego en todos os ámbitos, implicando a toda a comunidade educativa do centro.
- Recoller e difundir a cultura popular de tradición oral do noso concello e da contorna próxima ao centro.
- Valorar a cultura oral dos nosos devanceiros, fomentando a comunicación entre xeracións.
- Potenciar a celebración das festas populares.
- Fomentar a práctica de xogos populares como parte da nosa cultura.
- Tentar colaborar con outros centros e entidades en actividades que fomenten o uso do galego.
- Dar a coñecer a obra literaria do escritor homenaxeado nas letras galegas, a súa figura e a traxectoria literaria.
- Valorar aos maiores como fonte de sabedoría e experiencia, fomentando a comunicación entre xeracións dentro das familias e/ou no entorno próximo aos nenos.
- Desenvolver actividades tanto escolares como extraescolares que nos leven a coñecer mellor a nosa lingua e o noso patrimonio cultural.
- Acadar actitudes positivas cara a lingua galega.
- Mellorar a competencia lingüística do alumnado
- Promover a creatividade en lingua galega.
- Facer fincapé na oralidade da lingua galega.

5.8.4. PLAN LECTOR E PLAN DA BIBLIOTECA.

Hoxe en día considérase que a lectura é algo esencial e imprescindible, xa que é necesario estar preparado para asimilar, comprender e analizar a cantidade de mensaxes que a diario se reciben e poder darlle unha resposta o máis crítica posible.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

O Proxecto Lector é un documento que integra as intervencións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamiento e producción da información, en apoio á adquisición das competencias clave.

É un documento resultante dun consenso e dunha reflexión conxunta por parte de todo o profesorado. Parte do que se está facendo, primando a calidade na selección e tratamiento das lecturas, pretendendo dar resposta ás necesidades do alumnado do centro de todos os niveis de Infantil e Primaria e da comunidade educativa, facilitando o traballo docente, baixo as directrices que aquí se marcan, que axudarán á sistematización das actividades a prol da lectura e da adquisición das competencias clave.

É un documento que nos dará a oportunidade para repensar as prácticas pedagóxicas relativas á cultura escrita e mellorar a calidade do ensino, sistematizando e xeneralizando actuacións tendentes a mellorar a comprensión lectora e os hábitos de lectura en todas as áreas.

Tamén é un documento no que a Biblioteca Escolar é considerada como o recurso fundamental e imprescindible, como centro de información que pon a disposición da comunidade educativa os fondos documentais existentes, en soporte impreso, audiovisual, multimedia ou electrónico. A biblioteca será o instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro), será o centro de referencia dos recursos de lectura da información e da aprendizaxe e punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilitará a comunicación, a creatividade e as aprendizaxes.

5.8.5. PLAN DE IGUALDADE.

O Plan de Igualdade ofrece pautas para a promoción da igualdade de xénero, a coeducación e a prevención da violencia de xénero nos centros educativos, incorporando de forma integrada e transversal a perspectiva de xénero en todas as actuacións do centro. Establece medidas e actuacións concretas para continuar profundizando, dende unha perspectiva de xénero, nos Plans de centro, nos materiais e no currículo, na aprendizaxe, na formación e na implicación de toda a comunidade educativa, na promoción de acción de prevención da violencia de xénero e na propia estructura do sistema educativo.

5.8.6. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

Sabemos que nas aulas non existe un alumno tipo. Cada neno é singular e, en consecuencia, así debe ser considerado á hora de planificar e poñer en marcha o proceso de ensino-aprendizaxe.

Educar na diversidade conleva asumir esta e desenvolver o seu papel enriquecedor:

- ensinar a cada alumno segundo as súas características,
- establecer os mecanismos e usar os recursos que permitan o acceso ao currículo á totalidade do alumnado,
- dar as respostas educativas que compensen as desigualdades derivadas das circunstancias individuais,
- pensar nun currículo aberto,
- recoñecer e valorar as distintas culturas e orixes,
- implicar a toda a comunidade,
- poñer a disposición do alumnado todos os medios posibles,
- rexerse polos principios de integración e normalización...

En consecuencia, a atención á diversidade debe contemplar actuacións para a totalidade do alumnado, non só para aquel con necesidades específicas de apoio educativo, e debe establecer criterios para os apoios e actuacións educativas, tendo en consideración a dotación de recursos.

Segundo o artigo 10 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG, 21/12/2012), “o Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento en que se articula a atención á diversidade a que se refire o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo deseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado”.

Así, no Plan Xeral de Atención á Diversidade, refírense as liñas xerais que enmarcan a atención á diversidade e a adecuación da resposta educativa ás necesidades da totalidade do alumnado do centro

5.8.7. PLAN DE ORIENTACIÓN.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

O plan de orientación é un instrumento básico para intentar dinamizar o proceso pedagóxico-didáctico do noso centro escolar.

Dentro inclúense aspectos propios da orientación -persoal, académica e profesional- e algúns métodos relacionados coa atención á diversidade de necesidades educativas e cos procesos de ensino e aprendizaxe.

Unha gran parte das actuacións que se recollen no presente documento, así como dos obxectivos que dende aquí se procuran, levaranse a termo dentro do propio desenvolvemento das programacións dos diferentes departamentos e ciclos, do Plan de Acción Titorial, do Plan Xeral de Atención á Diversidade, do Plan de Orientación Académica e Profesional, do Plan de Convivencia, do Proxecto Lector, do Plan Lingüístico do Centro e dende o resto de proxectos nos que participa o centro e que desenvolverá durante o curso 2018/2019, ademáis da concreción do Plan Xeral de Atención á Diversidade .

Esta programación canalízase, fundamentalmente a través do PAT e do PXAD no que se introducen actuacións ordinarias referidas a atención a diversidade desde a orientación, e a orientación académica e profesional. O Obxectivo que se persegue é a xeneralización das estratexias aprendidas e o progreso na autonomía dos alumnos, apoiándose, polo tanto nos procesos de ensino aprendizaxe no seu sentido máis amplio.

A orientación contribúe á calidade educativa da ensinanza cando se concibe como:

- Orientación para a vida.
- Un asesoramento continuado para a elección entre diversas opcións ou posibilidades.
- A orientación é a propia educación, xa que debe ter en conta as necesidades reais dos individuos e os grupos.
- Ten que estar enmarcada desde a dobre perspectiva dos procesos de ensinanza e do proceso individual de desenrollo psicoevolutivo do alumnado.

5.8.8. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.

A acción titorial ten carácter de coordinación docente e está encamiñada a:

- atender as dificultades de aprendizaxe do alumnado,
- facilitar a integración destes no grupo-aula na vida do centro,
- canalizar os seus problemas e inquedanzas,

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- encauzar o proceso de avaliación,
- informar ás familias de todo o relativo á educación dos seus fillos/as e
- actuar os titores como mediadores entre familias-mestres-alumnado.

O Plan de Acción Titorial (PAT) recolle a concreción do desenvolvemento de todos os programas e accións previstas no Plan de Orientación nos grupos de alumnos e alumnas.

O Plan de Acción Tutorial que se presenta é de carácter semiaberto de modo que o profesorado poida introducir nun momento dado, as modificacións que considere oportunas de acordo con criterios pedagóxicos ou de aproveitamento.

Non todas as actividades están destinadas aos mesmos grupos de alumnos/as, corresponde ao profesorado, de acordo coas características e necesidades do grupo a súa elección e distribución no tempo.

A orientadora reunirase durante o curso coas persoas titoras de cada nivel cando se considere necesario. Nelas reunións irase analizando o desenvolvemento do PAT, á vez que se irán facilitando os recursos que necesiten para levalo a cabo.

5.8.9. PLAN DE ACOLLIDA.

A chegada de poboación estranxeira, así como o retorno de emigrantes galegos e das súas familias, está incidindo na evolución da diversidade da nosa poboación escolar. O mundo escolar no que nos toca vivir hoxe en día supón unha realidade cambiante, por iso desde a escola temos que entender a educación como “intercultural”, onde se integren unhas culturas coas outras buscando así unha maior riqueza cultural.

Cando un inmigrante chega ao noso país atópase cunha serie de problemas, entre eles os referidos ao idioma e á educación. A miúdo pretendemos que asimilen o noso idioma e a nosa cultura, sen respecto a súa propia. Isto non é favorable. Debemos aceptar que se trata dun proceso de adaptación mutua, de comprensión e aceptación, entre o que chega e o que acolle.

Por todo o anteriormente citado e partindo de que o noso centro entende a educación como “un proceso de interacción entre as diversas culturas en contacto, desde unha perspectiva de enriquecemento mutuo, sempre dentro do respecto aos dereitos humanos e a aceptación dos dereitos e deberes no ámbito escolar”, decidimos levar a cabo un programa

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

de acollida ao alumnado de incorporación tardía no sistema educativo español, para fixar unhas directrices básicas a seguir e garantir unha axeitada acollida e integración deste novo alumnado.

5.8.10. PLAN DE ADAPTACIÓN.

A chegada por primeira vez do alumnado á escola supón un cambio importante na súa vida, implica a saída do mundo familiar, dun espazo seguro, coñecido e protexido, para pasar a outro descoñecido no que vai ser mirado dende un punto de vista diferente.

Non é un momento sinxelo. O alumnado debe coñecer un lugar novo, facelo propio, establecer vínculos de relación... Non todos reaccionan igual diante da mesma situación. As respuestas son variadas e cada unha delas require unha atención diferenciada.

O modo de resolver estas primeiras experiencias educativas e sociais terá unha grande influencia na súa futura actitude, nas súas relacións cos docentes e na calidade das súas aprendizaxes.

Por todo isto é necesario fazer unha planificación coidada da súa incorporación á escola. E para iso a elaboración dun plan de adaptación.

5.8.11. PROXECTO DE EDUCACIÓN DIXITAL.

A idea principal deste proxecto non é que o alumnado aprenda informática, iso xa se irá conseguindo implícitamente na medida en que eles vaian traballando cos medios, senón que as TIC nos sirvan para achegalos a todo un mundo de posibilidades informativas, formativas e de comunicación.

É fundamental que a integración das TIC nas aulas chegue a todos os rapaces, polo que debemos habilitar, na medida das nosas posibilidades, os recursos e os medios necesarios para que os rapaces teñan a oportunidade de aproveitarse destas tecnoloxías e os mestres decidir o seu grao de implicación no uso das mesmas. Non se pretende que as TIC sexan a panacea universal para a aprendizaxe nin que substitúan a algo ou a alguén, senón consideralas como un elemento ou recurso máis co que contamos para acadar uns determinados obxectivos que xa tiñamos propostos.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

Con este fin, elaboramos este Plan de Introdución das Tecnoloxías da Información e Comunicación, as actividades mediante as que se desenvolverá, a metodoloxía e a avaliación que se empregará para potenciar o éxito do programa.

Como toda programación, hai que presentar unha serie de obxectivos a alcanzar, tanto polo alumnado, polo profesorado e polas familias..

A normativa da L.O.M.C.E. contempla tanto na Educación Infantil como na Educación Primaria as Novas Tecnoloxías e a creación dun coordinador no centro para potenciar, promover e incentivar este uso.

- 1- Fomentaranse experiencias de iniciación nas tecnoloxías da información e da comunicación.
- 2- Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e a comunicación para desenvolver e favorecer a aprendizaxe.
- 3- Iniciarse na utilización de programas informáticos sinxelos, búsqueda de información na internet
- 4- Asemade, entre as sete competencias clave recolle a seguinte:
 - ✓ Competencia dixital.
- 5- Os centros educativos, dentro da súa autonomía pedagóxica e organizativa, promoverán o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe
- 6- Os contornos visuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros educativos sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polos centros para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.
- 7- Os centros que desenvolvan o currículo completo nun contorno dixital deberán establecer un proxecto de educación dixital que formará parte do seu proxecto educativo e deberá contar coa aprobación da Administración educativa, segundo o procedemento que se estableza.

5.8.12. PROXECTO PLURILINGÜISMO.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

O Plan de ensino Plurilingüe inscríbese nun marco de actuación máis xeral impulsado desde as instancias europeas para fomentar a aprendizaxe de idiomas e a diversidade lingüística.

O proxecto do plurilingüismo persegue o obxectivo de facilitar a continuidade do Plan de Fomento do Plurilingüismo regulado no Decreto 79/2010 para o plurilingüismo.

A riqueza que achegan o plurilingüismo e o procedo de ensino-aprendizaxe dunha lingua, fan ver a importancia da mesma xa que desenvolve competencias lingüísticas, textuais, discursivas e culturais, outorgando ás linguas o carácter de vehículos culturais por excelencia.

Desde esta perspectiva chégase á conclusión de que cantas más linguas aprenda o cidadán, más se afirmará na súa propia lingua, ao permitirlle comprender a lingua propia, comprendendo as demais desde un plano de igualdade, e aprendendo e aceptando as outras culturas.

5.8.13. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.

O Plan de Formación do Profesorado está dirixido á realización de acción formativas a nivel de centro, en función das necesidades detectadas para mellorar o rendemento do alumnado, o desenvolvemento dos plans estratéxicos, a mellora da atención á diversidade ou calquera outro aspecto con independencia das accións formativas que o profesorado leve a cabo a nivel particular.

O centro fixará as liñas de intervención para a formación do seu profesorado (formación en centros, grupos de traballo, seminarios...) sen que esta recaia únicamente nas actividades formativas individuais.

Co Plan tratamos, por unha banda de instalar nas prácticas docentes a idea de que estas non son individuais, senón de grupos ou equipos, e por outro, de situar estas prácticas no contexto en que se realizan, que no pode ser outro que o do centro escolar, entendido como un espazo no que converxen diversidade de intereses e expectativas, aberto á súa contorna e en continua relación con el.

O Plan de Formación do Profesorado abordará os seguintes aspectos:

- Análise das necesidades de formación.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- Priorización das accións formativas.
- Determinación do tipo de estratexias que se necesitan.
- Obxectivos.
- Contidos.
- Actividades e metodoloxía.
- Temporalización.
- Seguimento e avaliación do plan.

É necesario facer un diagnóstico claro e real das necesidades de formación que existen no noso centro.

5.8.14. PLAN DE CONVIVENCIA.

O plan de convivencia do centro é o documento no que se articula a convivencia escolar. Xurde a partir das inquedanzas por intentar buscar de xeito colectivo accións de mellora na convivencia, que fagan do noso centro educativo un espazo de participación e de relación respectuosa con todos/as e entre todos/as, construíndo unha cultura de centro baseada na aprendizaxe de e para a convivencia.

A elaboración deste Plan é, sen dúbida, un proxecto que require un importante esforzo de toda a comunidade educativa, pero tamén é un reto que asumimos tendo un coñecemento o máis fondo posible da nosa realidade de partida sobre a que ir artellando as nosas propias accións de mellora,

Para desenvolver este Plan de Convivencia partimos das seguintes consideracións previas:

- A elaboración do Plan de Convivencia é o resultado da implicación de todos os sectores que formamos a Comunidade Educativa: profesorado, pais e nais e alumnado, para o fomento dunha boa convivencia no Centro.
- A prevención é a principal recomendación para a mellora da convivencia. O noso traballo centrarase en previr as condutas contrarias a ela no noso centro. Priorizaremos aquelas actuacións preventivas destinadas ao coñecemento previo dos dereitos e deberes de todos os membros da comunidade educativa e das normas necesarias para unha convivencia pacífica e respectuosa.
- O conflito é inherente á vida en común das persoas. É algo normal en toda sociedade

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

libre e democrática. Debe entenderse como algo positivo para desenvolver o labor educativo e, sobre todo, servir como medio de aprendizaxe a procura dalgunha solución ao conflito de forma democrática, dialogada e pacífica.

- As actitudes a desenvolver e a organización do Centro en materia de convivencia deberán basearse nas Normas de Convivencia establecidas nas NOF en vigor.
- A colaboración coas familias adquire un papel central na educación do alumnado, debendo estreitar a colaboración familia-escola.
- A acción titorial é un instrumento de gran importancia para desenvolver a convivencia a través dela. O profesorado pode dispor dinámicas de consolidación do grupo-clase, achegar información ao profesorado e ás familias, desenvolver actitudes de comunicación, intercambio e coñecemento mutuo, de habilidades sociais,... O noso PAT debe ser assumido e coñecido por todas as partes implicadas coa finalidade de asegurar unha boa implementación e a súa contribución á mellora da convivencia no centro.

Por todo isto, consideramos fundamental que se respire no noso centro un clima de convivencia harmónico, que facilite o traballo escolar, onde todos se sintan seguros e respectados.

5.8.15. NOFC.

Tal e como establece a LOE-LOMCE e a Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa, así como o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que se desenvolve a anterior lei, e o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, de atención á diversidade, os centros educativos elaborarán as súas normas de organización, funcionamento e convivencia (NOFC), dando forma a un documento que sexa operativo, áxil e referente en calquera momento da vida cotiá do noso centro educativo.

Estas NOFC son parte integrante do Proxecto Educativo. As NOFC son o conxunto de normas relativas tanto á estrutura organizativa e de funcionamento, como as normas que regulan a convivencia no noso centro .Así pois, estas NOFC expresan a autonomía do CEIP Plurilingüe de Seixalbo, e definen o noso modelo de xestión organizativa, de participación e de funcionamento.

Os órganos de goberno do centro garantirán, no ámbito da súa competencia, o exercicio dos dereitos recoñecidos ao alumnado, profesorado, familias, persoal de

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

administración e servizos, e velarán polo cumprimento dos deberes correspondentes. Así mesmo, favorecerán a participación efectiva de todos os membros da comunidade educativa na vida do centro. Recollerán ademais, entre outros aspectos, a organización dos espazos e dos tempos, así como a distribución dos recursos, e os procedementos de comunicación coas familias, para favorecer unha convivencia positiva no centro educativo.

Estas normas aplicaranse en todas as actuacións que teñan lugar, tanto no recinto escolar como fóra del, no curso de todas as actividades, académicas ou non, propias do centro. Tamén están suxeitas a estas normas as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar, motivadas ou relacionadas directamente coa vida escolar e que afecten aos seus compañeiros/as ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular as actuacións que constitúan. O seu descoñecemento non exime da obriga do seu cumprimento.

Estas normas serán públicas e o centro facilitará o seu coñecemento por parte de todos os membros da comunidade educativa. Serán de obrigado cumprimento por parte de todos os membros da comunidade educativa (persoal docente, alumando, familias e persoal non docente).

.....As NOFC son un documento aberto e deberá ser renovado na medida en que a práctica educativa do centro e as distintas situacíons o vaian reclamando. As modificacíons poderán facerse por iniciativa do Equipo Directivo, do Claustro, do Consello Escolar ou por cambio de lexislación. Calquera modificación ou reforma das NOFC deber ser aprobada polo Consello Escolar. De calquera reforma aprobada darase coñecemento a toda a comunidade educativa.

5.8.16. PLAN DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR.

O comedor escolar é un servizo complementario de carácter educativo posto a disposición do alumnado que o solicite. A súa prestación axuda e cualifica a escolarización, e da resposta ás necesidades das familias no ámbito educativo.

Prestará o seu servizo dende o primeiro día de clase no mes de setembro ata que remate o curso escolar no mes de xuño. Cubrirá as necesidades dunha alimentación sana e equilibrada, inculcando axeitados hábitos hixiénicos e de convivencia entre os usuarios.

As necesidades e demandas da sociedade actual en canto a prestación de servizos públicos, esixe unha garantía de calidade e a atención aos dereitos dos usuarios. Por elo, o

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

noso centro contempla no seu contexto a esixencia dunha xestión de calidade en todas as súas actividades, e en concreto no comedor escolar.

Esta calidade se constatará na organización, planificación e desenvolvemento do comedor, reflexado todo elo no seguinte plan de organización do comedor.

5.8.17. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.

O Plan de Autoprotección é o sistema de acción e medidas adoptadas polos titulares responsables das actividades educativas coas súas propias medidas ou recursos dentro do ámbito da súa competencia, encamiñadas a previr ou controlar os riscos sobre as persoas ou bens, a dar resposta a cada unha das situacións de emergencia e a garantir a integración destas actuacións no Sistema de Protección Civil.

Pretende ser o instrumento que permita prever as situacións de risco que puidensen desembocar en urxencias e emergencias e, no caso de que sucedesen, organizar os recursos humanos, materiais e ambientais dispoñibles no menor prazo de tempo, de forma que non se desenvolvan ou teñan consecuencias mínimas, actuando segundo as recomendacións do Plan.

O obxectivo fundamental do Plan de Autoprotección do centro é a protección das persoas e os usuarios de centro, así como os bens, establecendo unha estrutura e uns procedementos que aseguren as respostas más adecuadas ante as posibles emergencias.

Ademais pretendemos:

- Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia de establecer protocolos de actuación e hábitos de adestramento para liquidar situacións de emergencia de diversa índole.
- Coñecer o centro e a súa contorna (edificio e instalacións), os focos de perigo reais, os medios dispoñibles e as normas de actuación no caso de que ocorra un sinistro, estudar as vías de evacuación e as formas de confinamento, e adoptar as medidas preventivas necesarias.
- Garantir a fiabilidade de todos os medios de protección e dispoñer dun equipo de persoas informadas, organizadas, formadas e adestradas que garantan rapidez e eficacia nas accións para emprender ante as emergencias.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- Facilitar o mantemento preventivo, a detección e eliminación dos riscos, definindo unha organización que manteña e actualice o Plan de Autoprotección.
- Posibilitar a coordinación entre os medios de emerxencias externos e o centro para optimizar os procedementos de prevención, protección e intervención, garantindo a conexión cos procedementos e planificación de ámbito superior, plans de Autoprotección locais, supramunicipais, rexionais ou autonómicos e nacionais.

5.8.18. PROXECTO DE XESTIÓN ECONÓMICA.

O Proxecto de Xestión Económica é o documento que desenvrola as liñas de xestón económica de forma que, desde a autonomía que o noso centro ten, asignemos as dotacións económicas e materiais precisas para desenvolver os obxectivos do Proxecto Educativo.

O noso centro disporá de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión, no marco da lexislación vixente.

As administracións educativas potenciarán e promoverán a autonomía dos centros, de forma que os seus recursos económicos, materiais e humanos poidan adecuarse aos plans de traballo e organización.

A autonomía na xestión económica dos recursos é a xestión polo propio centro dos gastos necesarios para o seu funcionamento, de xeito que permitan acadar os obxectivos previstos.

5.8.19. PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES.

O artigo 20 do Decreto 105/2014 recolle o tratamento transversal da promoción de estilos de vida saudables.

- Os centros docentes desenvolverán medidas específicas dentro do seu proxecto, de xeito que se promova a práctica diaria de deporte e exercicio físico por parte do alumnado durante a xornada escolar, en relación coa promoción dunha vida activa, saudable e autónoma.
- O deseño, a coordinación e a supervisión das medidas que se adopten serán asumidas polo profesorado coa cualificación e especialización axeitada, e de acordo cos recursos dispoñibles.


PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

6. ESTRUTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO (CÓMO NOS ORGANIZAMOS?)

A organización será a vía que nos permita conseguir os obxectivos do Proxecto Educativo, facilitar as tarefas e ordenar os recursos existentes. Pretendemos evitar a duplicación de esforzos e a descoordinación que puidera existir, establecendo unha estrutura organizativa axeitada e necesaria para que toda a acción educativa encamiñada ao desenvolvemento integral do alumnado sexa unha tarefa de todas e non unha actividade illada.

6.1. ÓRGANOS DE GOBERNO.

O organigrama do CEIP Plurilingüe de Seixalbo tería a seguinte estrutura:



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

6.1.1. ÓRGANOS UNIPERSOAIS: EQUIPO DIRECTIVO.

Os membros do equipo directivo serán os interlocutores entre todos os sectores e membros da comunidade educativa, propiciando a participación e o bo entendemento entre eles.

▪ COMPOSICIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO.

No noso centro estará formado por: Director/a, Xefe/a de Estudos, e Secretario/a.

As súas competencias están determinadas nos artigos 132 da LOE, e 34 e 35 respectivamente de D. 374/96 do 17 de outubro, pola que se aproba o ROC das escolas e centros de E.I.-E.P. As persoas que desempeñan a Dirección, a Xefatura de Estudos e a Secretaría rexeranse polo establecido na Lei 2/2006 de 3 de maio, nos artigos 128 e 129.

▪ A DIRECCIÓN. ASPECTOS XERAIS E COMPETENCIAS.

As súas competencias están determinadas na Lei 2/2006, de 3 de maio, (LOE) modificada parcialmente na Lei 8/2013, de 9 de decembro (LOMCE) e no D. 374/96 polo que establece o ROC nas escolas e centros de E.I. e E.P.

COMPETENCIAS DA DIRECCIÓN

- Representar oficialmente á administración educativa no centro, e representar ao centro nas mesmas, facéndolle chegar a esta os plantexamentos, aspiracións e necesidades da comunidade educativa.
- Dirixir e coordinar todas as actividades do centro, sen prexuizo das competencias atribuidas ao claustro de mestres e ao consello escolar.
- Exercer a dirección pedagógica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos obxectivos do proxecto educativo do centro.
- Garantir o cumprimento das leis e demais disposicións vixentes.
- Exercer a xefatura de todo o persoal adscrito ao centro, xestionando tanto os medios humanos como os materiais do centro.
- Favorecer a convivencia no centro, garantir a mediación na resolución dos conflitos e imponer as medidas disciplinarias que correspondan ao alumnado, en cumprimento da normativa vixente sen prexuizo das competencias atribuídas ao consello escolar.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- Impulsar a colaboración coas familias, con institucións e con organismos que faciliten a relación do centro co ámbito, e fomentar un clima escolar que favoreza o estudo e o desenvolvemento de cantas actuacións propicien unha formación integral en coñecementos e valores do alumnado.
- Impulsar as a avaliaciós internas do centro e colaborar nas avaliaciós externas e na avaliación do profesorado.
- Convocar e presidir os actos académicos e as sesión do Consello Escolar e do Claustro de Mestres e executar os acordos adoptados, no ámbito das súas competencias.
- Realizar as contrataciones de obras, servizos e suministros, así como autorizar os gastos acordo co presuposto do centro, ordenar os pagos e visar as certificacións e documentos oficiais do centro, todo elo acordo co que establezcan as administración educativas.
- Propoñer á Administración educativa o nombramento e cese dos membros do equipo directivo, previa información ao claustro de mestres e ao consello escolar do centro.
- Aprobar os proxectos e normas.
- Aprobar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do claustro de mestres, en relación coa planificación e organización docente.
- Decidir sobre a admisión do alumnado con suxección ao establecido na lei.
- Aprobar a obtención de recursos complementarios.
- Fixar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.
- Calesquera outras que lle sexan encomendadas pola administración educativa.

▪ **A XEFATURA DE ESTUDOS. ASPECTOS XERAIS E COMPETENCIAS.**

COMPETENCIAS DA XEFATURA DE ESTUDOS

- Exercer, por delegación do director e baixo a súa autoridade, a xefatura do persoal docente en todo ao relativo ao réxime académico.
- Substituir ao director/a en caso de ausencia, enfermidade ou suspensión de funcións.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico e de orientación do profesorado e alumnado, en relación co proxecto educativo do centro, as concrecións curriculares e a programación xeral anual.
- Elaborar, en colaboración cos restantes órganos unipersonais, os horarios académicos do alumnado e profesorado, de acordo cos criterios aprobados polo claustro e co horario xeral incluído na programación xeral anual, así como velar polo seu estrito cumprimento.
- Coordinar as actividades dos coordinadores/as.
- Coordinar e orientar a acción dos titores/as de acordo co plan de acción titorial.
- Coordinar a participación do profesorado nas actividades de perfeccionamento, así como planificar e organizar as actividades de formación do profesorado realizadas no centro.
- Coordinar a actividade docente no centro, con especial atención aos procesos de avaliación, adaptación curricular e actividades de recuperación, reforzo e ampliación.
- Facilitar a organización do alumnado e impulsar a súa participación no centro.
- Establecer os mecanismos para correxir ausencias imprevistas do profesorado, atención ao alumnado accidentado ou calquera eventualidade que incida no normal funcionamento do centro.
- Organizar a atención do alumnado nos períodos de lecer.
- Calquera outra función que poida ser encomendada pola dirección do centro dentro do ámbito da súa competencia.

▪ A SECRETARÍA. ASPECTOS XERAIS E COMPETENCIAS.

COMPETENCIAS DA SECRETARÍA

- Ordenar o réxime administrativo do centro, de conformidade coas directrices da dirección.
- Actuar como secretario/a dos órganos colegiados de goberno do centro, levantando acta das sesión e dar fe dos acordos co visto e prace da dirección.
- Custodiar os libros e arquivos do centro coa colaboración dos coordinadores.
- Expedir as certificacións que soliciten as autoridades e os interesados.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- | |
|---|
| ▪ Realizar o inventario xeral do centro e mantelo actualizado. |
| ▪ Custodiar e dispoñer a utilización dos medios audiovisuais, material didáctico, mobiliario ou calquera material inventariable . |
| ▪ Coordinar, dirixir e supervisar, por delegación da dirección, a actividade e funcionamento do persoal de administración e de servizos adscritos ao centro. |
| ▪ Elaborar o anteproxecto de orzamento de centro de acordo coas directrices do consello escolar e oída a comisión económica. |
| ▪ Ordenar o réxime económico do centro, de conformidade coas instruccíons da dirección, realizar a contabilidade e render contas ante o consello escolar e as autoridades correspondientes. |
| ▪ Velar polo mantemento material do centro en tódolos os seus aspectos, segundo as indicacións da dirección. |
| ▪ Dar a coñecer e difundir a toda a comunidade educativa a información sobre normativa, disposicións legais e asuntos de interese xeral ou profesional que se reciba no centro. |
| ▪ Presidir, se é o caso, e por delegación da dirección, a comisión económica. |
| ▪ Calquera outra función que lle encomende a dirección dentro do seu ámbito de competencia. |

6.1.2. ÓRGANOS COLEXIADOS: CONSELLO ESCOLAR E CLAUSTRO.

▪ O CLAUSTRO DE MESTRES.

O claustro de mestres/as é o órgano propio de participación do profesorado no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e, se é o caso, informar sobre tódolos aspectos docentes del.

O claustro estará integrado pola totalidade dos profesorado que preste servizo no centro e será presidido pola dirección do centro.

COMPETENCIAS DO CLAUSTRO DE MESTRES/AS

- | |
|--|
| ▪ Elevar ao equipo directivo propostas para a elaboración do proxecto educativo do centro e a programación xeral anual. |
| ▪ Aprobar e avaliar as concreccións curriculares e os aspectos docentes da programación xeral anual, conforme ao proxecto educativo do centro. |

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO.
CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- | |
|--|
| ▪ Coordinar as funcións referentes á orientación, titoría, avaliación e recuperación do alumnado. |
| ▪ Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado. |
| ▪ Determinar cal é a lingua materna predominante entre o alumnado, así como a lingua ambiental, co fin de que o profesorado a use na clase coidando á súa vez que adquiran de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios da correspondente etapa. |
| ▪ Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro. |
| ▪ Elixir aos seus representantes no consello escolar do centro e participar na selección da dirección. |
| ▪ Propoñer todo tipo de iniciativas que tendan a mellorar o funcionamento do centro en calquera dos seus aspectos. |
| ▪ Aprobar os criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios do alumnado. |
| ▪ Aprobar a planificación xeral das sesións de avaliacións. |
| ▪ Analizar e valorar o rendemento escolar do centro mediante os resultados das avaliacións e outros parámetros que consideren pertinentes. |
| ▪ Coñecer as candidaturas á dirección e os programas presentados polos demais candidatos/as. |
| ▪ Coordinar as funcións referentes á orientación, titoría, avaliación e recuperación do alumnado. |
| ▪ Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que o centro participe. |
| ▪ Ser informado sobre as normas de organización e funcionamento do centro. |
| ▪ Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar porque estas se ateñan á normativa vixente. |
| ▪ Promover medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro. |
| ▪ Colaborar coa inspección educativa nos plans de avaliación do centro. |

▪ **O CONSELLO ESCOLAR.**

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

O consello escolar é o órgano a través do cal participan na xestión do centro os distintos membros da comunidade educativa.

A composición do consello escolar será de:

- Equipo directivo: dirección, xefatura de estudos e secretaría.
- 5 representantes do profesorado.
- 5 representantes dos pais, un deles designado pola Anpa.
- 1 representante do concello
- 1 representante do persoal da administración e servizos.

COMPETENCIAS DO CONSELLO ESCOLAR.

- Evaluar os proxectos e as normas.
- Evaluar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do clautro de mestres/as, en relación coa planificación e organización docente.
- Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- Participar na selección do director do centro, nos termos que a lei establece. Ser informado do nombramento e cese dos demais membros do equipo directivo. No seu caso, previo acordo dos membros, adoptado por maioría de dous tercios, proponer a revocación do nombramento do director.
- Recibir información sobre a admisión do alumnado, con suxección ao establecido na lei.
- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar porque se ateñan á normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas pola dirección correspondan a condutas do alumnado que perxudiquen gravemente á convivencia do centro, o consello escolar, a instancia dos pais/nais ou titores legales, poderán revisar a decisión adoptada e proponer, no seu caso, as medidas oportunas.
- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato e a non discriminación así como a prevención da violencia de xénero.
- Promover a conservación e renovación das instalacións e do equipo escolar e recibir información da obtención de recursos complementarios.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- | |
|--|
| <ul style="list-style-type: none">▪ Informar das directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, cas administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.▪ Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.▪ Elaborar propostas e informes, a iniciativa propia ou a petición da administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa calidade da mesma.▪ Calesqueira outras que le sexan atribuídas pola administración educativa. |
|--|

6.1.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.

No D. 374/96, do 17 de outubro, polo que se aproba o ROC dos centros de E.I. e E.P. establece aqueles órganos, equipos e comisións necesarias de coordinación docente, entre as que se atopan: os equipos de ciclo e nivel, a comisión de coordinación pedagóxica, o equipo de normalización lingüística, o equipo de actividades complementarias e extraescolares, equipo biblioteca... entre outros.

• EQUIPOS DE CICLO EI.

O equipo de ciclo da etapa de E.I., agrupará a tódolos mestres que imparten docencia nel, é o órgano básico encargado de organizar e desenvolver, baixo a supervisión da dirección e a coordinación da xefatura de estudos, as ensinanzas propias do ciclo de educación infantil.

COMPETENCIAS DO EQUIPO DE CICLO.

- | |
|--|
| <ul style="list-style-type: none">▪ Formular propostas ao equipo directivo e ao claustro relativas á elaboración do proxecto educativo e programación xeral anual.▪ Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas á elaboración das concreccións curriculares.▪ Coordinar a ensinanza do ciclo de infantil, así como da organización de espazos e instalación e velar polo uso correcto e conservación do equipamento específico do equipo.▪ Colaborar co secretario/a na elaboración e actualización do inventario do centro. |
|--|

**PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO.
CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO**

- | |
|---|
| <ul style="list-style-type: none">▪ Aqueloutras funcións que lle encomende a xefatura de estudos na área da súa competencia.▪ Manter actualizada a metodoloxía didáctica e elaboración de material didáctico.▪ Elaborar a programación didáctica das ensinanzas que ten encomendadas, seguindo as directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.▪ Fixar criterios de avaliación para o alumnado e elaboración de programas de desenvolvemento individual. |
|---|

As programacións didácticas de infantil terán o seguinte esquema, debendo seguir as directrices da comisión de coordinación pedagóxica e incorporar as modificacións propostas na memoria do curso anterior:

7. Introdución e contextualización.
8. Características xerais do segundo ciclo de Educación Infantil
9. Obxectivos xerais da etapa.
10. Contribución desde as áreas ao desenvolvemento das competencias básicas.
11. Obxectivos específicos .
 6. Contidos .
 7. Criterios de avaliación .
 8. Procedementos e instrumentos de avaliación .
 9. Metodoloxía didáctica.
- 10.Organización de espazos e tempo.
11. Materiais e recursos didácticos.
12. Atención á diversidade.
13. Medidas para estimular.
 - a. A expresión oral e a aproximación á lingua escrita
 - b. A adquisición de hábitos de autonomía
 - c. O uso das TIC
14. Relación familia-escola.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

15. Educación en valores.
16. Actividades complementarias e extraescolares.
17. Procedementos para avaliar a propia programación.
18. Publicidade da programación.

- **EQUIPOS DE NIVEL DE EP.**

O profesorado de educación primaria constituirán os equipos de curso ou de nivel, que agruparán a todos os mestres/as que imparten docencia nel. No noso centro haberá seis equipos de nivel, un por cada titoría. Naqueles cursos que sexan de doble vía se nomeará un coordinador/a .

Son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver, baixo a supervisión da dirección e a coordinación da xefatura de estudos, as ensinanzas propias do curso.

A programación didáctica dos equipos de nivel incluirá os seguintes puntos:

6. Introdución e contextualización.
7. Obxectivos da etapa.
8. Áreas. (Matemáticas, L. Castellana, L. Galega, Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza, L. Estranxeira, Educación Artística: Plástica e Música, Educación Física, Relixión Católica, Valores Sociais e Cívicos, Libre Configuración).
 - 8.1. Obxectivos da área.
 - 8.2. Contribución da área ao desenvolvemento das competencias.
 - 8.3. Organización e secuenciación dos contidos.
 - 8.4. Actividades.
 - 8.5. Temporalización.
 - 8.6. Criterios de avaliación.
 - 8.7. Estándares de aprendizaxe.
 - 8.8. Mínimos esixibles para o logro das competencias.
 - 8.9. Procedementos de avaliación.
 - 8.10. Instrumentos de avaliación.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- 8.11. Criterios de cualificación.
- 8.12. Criterios de promoción.
- 8.13. Directrices e instrumentos para a realización da avaliação inicial.
- 8.14. Metodoloxía.
- 8.15. Actividades de recuperación e reforzó.
- 8.16. Materiais e recursos didácticos.
- 8.17. Medidas de atención á diversidade.

9. Acción de contribución aos diferentes proxectos e plans.
 - 9.1. Proxecto Lector.
 - 9.2. Plan TIC.
 - 9.3. Plan de Convivencia.
 - 9.4. Proxecto Lingüístico.
 - 9.5. Actividades Complementarias e Extraescolares.

10. Procedimentos e indicadores para avaliar a propia programación.
 - 10.1. Procedimentos para avaliar a propia programación.
 - 10.2. Indicadores da avaliação do alumnado.

11. Constancias de información ao alumnado e as súas familias.
 - 11.1. Publicidade da programación.

• **TITORÍAS.**

A función titorial e orientación do alumnado, e que forma parte da función docente, desenvolverase ao longo de todas as etapas, ciclos e niveis. Tanto na educación primaria como na educación infantil levarase a cabo de forma integrada no proceso de ensino-aprendizaxe. Cada grupo de alumnos/as terá un tutor/a

COMPETENCIAS DOS TITORES/AS.

- | |
|--|
| <ul style="list-style-type: none">▪ Participar no desenvolvimento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da xefatura de estudos.▪ Proporcionar no principio de curso, tanto ao alumnado como aos pais/nais/titores legales, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo |
|--|

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO.
CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

o referente ao calendario escolar, horarios, horarios de tutorías, posibles actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.

- Coñecer as características persoais do alumnado a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico do alumnado.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar respostas educativas axeitadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para o alumnado do seu curso.
- Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- Informar ao equipo de mestres/as do grupo de alumnos/as das características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliação programados para o mesmo grupo de alumnos/as.
- De ser o caso, organizar e presidir as sesións de avaliação.
- Coordinar o proceso de avaliação do alumnado do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente á promoción do alumnado dun curso a outro, logo de ser oídos e informados os pais/nais/titores legales.
- Atender, xunto co resto do profesorado, ao alumnado mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.
- Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional do sector nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.
- Colaborar cos demais titores no marco do proxecto educativo e curricular do centro.
- Orientar as demandas e inquedanzas do alumnado e mediar ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- Informar tanto ao alumnado do grupo, pais/nais/titores legales e profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico,

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

con especial atención aos aspectos e medidas que faciliten a competencia lingüística do alumnado nas dúas linguas oficiais.

- Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e os pais/nais/titores legales.
- Exercer a coordinación entre os demais mestres/as do grupo.
- Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnos/as.
- Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informados aos pais/nais/titores legales, así como a xefatura de estudos.
- Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio ao aprendizaxe e orientación dos seus fillos/as.
- Aqueloutras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción titorial.

• **COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.**

Presidida pola dirección, estará composta polo director/a, xefe/a de estudos, coordinador/a de E.I., un mestre representante de cada nivel de E.P. (1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º), os mestres/as de P.T. e A.L. así como o/a orientador/a do centro, o/a dinamizador/a do equipo de dinamización lingüística, o/a coordinador/a do equipo de TICS, o/a coordinador/a do equipo de biblioteca, o/a coordinador/a de actividades extraescolares e complementarias, o/a coordinador de plurilingüismo e o/a coordinador/a do equipo de convivencia.

COMPETENCIAS DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.

- Elevar propostas ao claustro coa fin de establecer os criterios para a elaboración dos proxectos curriculares.
- Velar para que a elaboración deses proxectos e do plan de acción titorial se realice conforme aos criterios establecidos polo claustro.
- Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo, o proxecto curricular e a programación xeral anual.
- Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas e do plan de acción titorial, así como das adaptacións curriculares.
- Propoñer ao claustro os proxectos curriculares para a súa aprobación.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- Velar polo cumprimento e posterior avaliación de ditos proxectos.
- Canalizar as necesidades de formación do profesorado.
- Realizar, de ser o caso, e a proposta da xefatura de estudos co fin de que se designe o responsable do equipo de actividades extraescolares e complementarias.

• EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

O equipo de dinamización da lingua constitúese para potenciar e fomentar o uso da lingua galega nas actividades do centro, nas actividades complementarias e en todos os actos que se organicen no centro. O seu ámbito de actuación inmediata será o propio centro, pero procurará o espallamento a toda a comunidade educativa.

COMPETENCIAS DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

- Presentar, a través do claustro, propostas á dirección para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluirán no proxecto educativo.
- Propoñer ao claustro para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:
 - ✓ medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro,
 - ✓ proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
- Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore... no ensino.
- Elaborar e dinamizar un plan de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
- Presentar para a súa aprobación no consello escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.
- Aqueloutras que a administración educativa lle poida asignar referidas á orientación.

COMPETENCIAS DO DINAMIZADOR/A DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

- Colaborar na elaboración do proxecto educativo e curricular do centro.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- | |
|---|
| <ul style="list-style-type: none">▪ Responsabilizarse da redacción dos plans que serán propostos á dirección.▪ Convocar e presidir as reunións do equipo, así como levantar acta de cada reunión.▪ Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final do curso, na que se fará unha avaliación das actividades que se incluirá na memoria do centro.▪ Proporcionarles aos membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións relacionadas coa realidade galega.▪ Aqueloutras que a administración educativa lle poida asignar referidas á orientación. |
|---|

• EQUIPO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

O equipo de actividades extraescolares e complementarias será o encargado de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.

COMPETENCIAS DO/A DINAMIZADOR/A DO EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

- | |
|---|
| <ul style="list-style-type: none">▪ Elaborar o programa anual destas actividades para o que se terán en conta as propostas dos equipos de ciclo e nivel, do profesorado, das familias e as orientacións do claustro e comisión da coordinación pedagólica.▪ Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado.▪ Proporcionarles ao alumnado e as familias a información relativa ás actividades do equipo.▪ Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a comisión de coordinación pedagólica, os equipos de niveis e ciclo e a anpa.▪ Coordinar a organización dos intercambios escolares e calquera tipo de viaxes que realice o alumnado. |
|---|

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- Distribuir os recursos económicos destinados para o efecto, procedentes de achegas de institucións, asociación ou do propio centro, logo da aprobación polo consello escolar.
- Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas que se incluirá na memoria final do centro.
- Presentar propostas ao equipo directivo para a realización e intercambio de actividades cos centros da súa contorna.

• **EQUIPO DE BIBLIOTECA.**

O equipo de dinamización da biblioteca estará formado por unha persoa encargada da dinamización e polos mestres que se unan a este grupo. Encargarase da xestión da biblioteca e dos recursos documentais por un período de dous anos, tendo como obxectivo principal a organización do servizo da biblioteca e documentación, dependente da dirección do centro.

COMPETENCIAS DO COORDINADOR/A DE DINAMIZACIÓN BIBLIOTECA.

- Elaborar, en colaboración co profesorado do equipo de biblioteca, o proxecto anual da biblioteca do centro e da memoria final.
- Coordinar, seguindo as directrices da consellería, a elaboración e posta en práctica do proxecto lector de centro, coa participación de todo o profesorado.
- Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar).
- Informar ao claustro das actividades da biblioteca e integrar as súas suxestións.
- Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.
- Definir os criterios para o préstamo e atender o servizo xunto co equipo de apoio á biblioteca.
- Asesorar ao profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- | |
|--|
| ▪ Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar. |
| ▪ Representar ao equipo de biblioteca no claustro. |
| ▪ Coordinar a elaboración do proxecto lector do centro e dos plans anuais de lectura que son competencia de todo o equipo docente, e que se incluirán na programación xeral anual. |
| ▪ Asegurar a organización, mantemento e axeitada utilización dos recursos documentais da biblioteca do centro. |
| ▪ Atender ao alumnado que empreguen a biblioteca, coa axuda dos mestres/as que teñan asignadas horas de atención á mesma, facilitándolle o acceso ás diferentes fontes de información e orientándoo a súa utilización. |
| ▪ Difundir, entre o profesorado e alumnado, información pedagóxica e cultural. |
| ▪ Colaborar na promoción da lectura, como medio de información, entretenimento e lecer. |
| ▪ Recoller as propostas, e traladalas á dirección, de novos materiais e fondos para a biblioteca. |

▪ **EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE TICS.**

O equipo dinamizador das TICS (Novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación) terá como obxectivos principais o mantemento cotián dos equipamentos informáticos do centro, así como o soporte no seu uso didáctico ao resto do profesorado e demais compoñentes da comunidade educativa.

COMPETENCIAS DA DINAMIZACIÓN TICS.

- | |
|---|
| ▪ Dinamizar e impulsar o uso das TICS do centro. |
| ▪ Organizar e xestionar os medios e recursos de que dispón o centro e mantelos operativos e actualizados, constituíndo o primeiro nivel de soporte destes, contando co apoio nesta tarefa, do asesor/a TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requirian, así como do servizo de mantemento informático do colexiu, si está contratado ese servizo. |

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- Dar soporte, no seu uso didáctico, do equipamento informático do centro, ao resto do claustro, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor/a TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requirran.
- Elaborar, por requerimento da dirección e das liñas directrices da comisión de coordinación pedagóxica, un proxecto TIC.
- Informar ao profesorado sobre todos os medios ao seu alcance e ofrecer asesoramiento no seu uso.
- Apoiar ao profesorado na integración das novas tecnoloxías na aula.
- Canalizar as necesidades para a adquisición de materiais relacionados coas TICS.
- Fomentar e promover a formación do profesorado no eido das TICS.
- Elaborar as normas de utilización do material de TIC, e velar polo cumprimento destas normas.
- Asesorar no mantemento do espazo web do noso centro.
- Aqueloutras funcións que a consellería estableza na súa normativa específica.

• DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

O CEIP Plurilingüe de Seixalbo conta con departamento de orientación propio. Permanece no noso centro 4 días e 1 día visita as unitarias que ten adscritas. Está composto polo/a xefe/a do departamento de orientación, polos docentes de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe, e os demais mestres de apoio, así como polos/as coordinadores/as de nivel e polas mestras das unitarias adscritas.

As actuacións do departamento de orientación quedarán reguladas no D. 120/98, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, e na Orde do 24 de xuño de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional en Galicia.

O departamento de orientación desenvolverá as súas funcións, en xeral, no ámbito relacionado coa orientación psicopedagólica, académica e profesional.

COMPETENCIAS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO.
CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, do alumnado do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- De acordo coas directrices establecidas no plan de orientación, elaborar as propostas do plan de orientación académica e do plan de acción titorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ao profesorado o soporte técnico para o desenvolvemento deste plan.
- Participar na elaboración, seguimento e avaliação dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade do alumnado e nos principios de avaliação formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.
- Deseñar accións encamiñadas á atención temprá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxes derivadas tanto de condición desfavorables como de sobredotación que presente o alumnado.
- Participar na avaliação psicopedagóxica conforme a normativa e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Facilitarlle á comunidade educativa os apoios e asesoramento necesarios para que o alumnado poida enfrentar adecuadamente os momentos escolares más decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de etapa ou a resolución de conflitos de relación interpersoal.
- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relacionados a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos ou en calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.
- Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliação de programas de intervención.
- Co obxecto de potenciar estratexias de actuación convxuntas, promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos/as: estimulación da motivación e intereses, adquisición de hábitos de hixiene e de autonomía, desenvolvemento motriz e da linguaxe, relacóns interpersoais e aqueloutros aspectos que favorezan o desenvolvemento evolutivo do alumnado.
- Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

- Aqueloutras que a administración educativa lle puidese encomendar no ámbito das súas funcións.

COMPETENCIAS DA XEFATURA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

- Dirixir e coordinar as actividades e actuacións propias do departamento.
- Responsabilizarse da redacción do plan de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso.
- Participar na elaboración dos proxectos educativo e curricular do centro, representando ao departamento na comisión de coordinación pedagóxica.
- Convocar e presidir as reunións do departamento conforme ao procedemento que se estableza.
- Velar pola confidencialidade dos documentos, se é o caso.
- Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.
- Realizar as avaliaciós psicopedagóxicas, se é o caso, e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme o procedemento que se estableza..
- Facilitar a colaboración entre os membros do departamento de orientación.
- Coordinar, en colaboración co mestre/a de apoio, a atención do alumnado con necesidades educativas especiais, elevando á xefatura de estudos, cando cumpra, a proposta de organización da docencia para este alumnado.
- Aqueloutras que a administración educativa lle poida asignar referidas á orientación.

- **EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA CONVIVENCIA.**

11.2. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS.

O persoal non docente está integrado por: un conserxe, un/unha coidador/a, unha cociñeira e dous axudantes de cociña e tres persoas de limpeza dependentes do concello de Ourense.

11.3. AMPA.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO. CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO

No centro está constituida a Asociación de Nais e Pais “Anpa Seixalbo”. A Anpa, ademais de levar a cabo as actividades previstas nos seus estatutos dentro do marco dos fins que a lei lles asigna como propios, ven organizando o servizo de atención temperá así como actividades extraescolares ao remate da xornada escolar. Tamén colabora en festas e actos que organiza o Centro.

A Anpa conta cun representante no Consello Escolar do centro.

O funcionamento da Anpa esá recollido no Regulamento de escolas de Educación Infantil e Primaria.

12. AVALIACIÓN, DIFUSIÓN E COÑECEMENTO DO PEC.

O presente Proxecto Educativo é de obrigado cumprimento por parte de todos os membros da comunidade educativa do CEIP Plurilingüe de Seixalbo. Realizaranse as revisións periódicas que se consideren oportunas para adaptalo as novas circunstancias ou as modificacións lexislativas que xurdan. Estará sempre supeditado á lexislación vixente e terá unha vixencia plurianual, sendo susceptible de modificación, perfeccionamento ou mellora.

O CEIP Plurilingüe de Seixalbo publicará e divulgará este documento por diferentes medios aos membros da comunidade educativa, facilitando o seu coñecemento por parte de todos/as e debendo ser coñecido por todos os membros.

O equipo directivo será o encargado de difundilo polas seguintes canles:

- Depósito de copias na Dirección, Xefatura e Secretaría a disposición de calquer/a interesado/a que forme parte da comunidade educativa.
 - Publicación na páxina web do centro.

O presente Proxecto Educativo foi presentado ao Claustro de mestres na reunión celebrada o [REDACTED] do que como Secretaria dou fe. Foi aprobado.

Visto e Prace

A directora: M^a José Feijoó Álvarez.

A secretaria: M^a del Carmen Silva Iglesias.